

INFORME HISTÓRICO SOBRE O PROCESO DE PERMUTA E POXA DA 'CASA CORNIDE'

Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

Director do equipo:
Emilio Grandío Seoane

A Coruña, xullo de 2020



INDICE

Introdución	2
Presentación do proceso	2
Cronograma de realización	2
Estrutura e presentación do equipo de investigación	3
1. A Casa Cornide antes de 1962	7
2. Contexto histórico. Consideracións sobre a Res Publica na Dictadura	
O franquismo nos anos cincuenta e sesenta. <i>Res Publica</i> e Estado	9
A Coruña e a súa relación co réxime: unha Corte de verán en torno ao Pazo de Meirás	12
Práctica política, estrutura municipal e relación cos Gobernadores Civís. Alfonso Molina, Peñamaría de Llano e Pedro Barrié de la Maza.	14
3. Orixes e motivacións da iniciativa. Proceso de adquisición e inscrición do inmovible.	
Detección e localización dos procedementos empregados entre os anos cincuenta e sesenta ata a compravenda por Pedro Barrié de la Maza e a súa cesión posterior a Carmen Polo	21
A poxa: xullo-agosto de 1962	30
Características formais do proceso de transmisión da Casa Cornide	34
4. A xestión da Casa Cornide despois de 1962. A utilización de recursos públicos e o papel do Concello	38
5. O Pazo de Meirás, as esculturas do Pórtico da Gloria e a Casa Cornide: unha comparativa dos procesos	
Procedencia orixinal dos bens	42
Creación da iniciativa	42
O proceso de transferencia das propiedades	43
6. Conclusións	44
7. Bibliografía	46
Anexo	
<i>Venta de la Casa de la C/ Damas número 25 – que había formado parte del patrimonio inmobiliario del Ayuntamiento de A Coruña. Informe que se redacta respecto al estado de investigación (sobre documentos que constan en los archivos municipales y Registro de la Propiedad número 4) a la fecha de la firma de este informe (Junio de 2020. Arturo Abad Pardo)</i>	88

Introducción

Presentación do proceso

A Casa Cornide é un elemento arquitectónico central no pasado e no presente urbanístico da cidade da Coruña. Situada nun lugar de alto simbolismo, no cumio da cidade vella, foi antiga sede do Concello ademais de escola ata que caeu en desuso. Mediante un sistema de permuta e venda posterior foi transferido en propiedade á familia Franco nos anos sesenta. Do mesmo xeito que se están realizando accións precisas no sentido da devolución á propiedade pública de bens propiedade da familia do Dictador –Pazo de Meirás, estatuas do Mestre Mateo...-, a Casa Cornide aseméllase neste senso no propósito de reclamar a súa devolución ó Concello.

Desde a Concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica do Concello da Coruña e a Comisión Municipal de Memoria Histórica do Concello da Coruña se nos indica un obxectivo prioritario: a preparación dos preceptivos informes patrimonial para a petición da consideración BIC, xurídico e histórico. O caso en concreto que nos ocupa atinxe á realización do Informe Histórico. Nas experiencias anteriores sobre estes casos –xa citados anteriormente– resulta fundamental o Informe histórico para contextualizar prácticas e feitos realizados décadas antes, que conforman aplicacións ben distintas sobre lexislacións semellantes, e mesmo vixentes na actualidade. Unha diferenza sustancial non está nas accións xurídicas que se poidan realizar senón na consideración de base da fonte de dereito –e de poder– nun réxime dictatorial como foi o franquista. En base a estes elementos de análise, máis que a aplicación da Lei correspondente en si, é necesario observar como se produciron no pasado os desaxustes provocados polo uso privado do patrimonio público, sancionado e ratificado posteriormente polo dereito de uso.

O Concello da Coruña tivo a ben encargarlle ó Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, no seu membro numerario Emilio Grandío Seoane, a elaboración dun Informe Histórico sobre o proceso de adquisición da chamada Casa Cornide, tras xuntanza e acordo posterior do Consello Municipal de Memoria Democrática do 27 de novembro de 2019. O Instituto asumíu a súa elaboración e encargo baixo a dirección de Emilio Grandío.

Cronograma de realización

a) (nov. 2019) Asignación das tarefas de coordinación do proceso sobre a recuperación da Casa Cornide o Instituto Cornide, na persoa do seu membro numerario D. Emilio Grandío Seoane, tras acordo do Consello Municipal da Memoria Democrática do 27 de novembro de 2019.

b) (dec. 2019) Tras a asignación, en reunións mantidas coa Concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica do Concello, delimitar e fixar a realización do Informe Histórico no conxunto do proceso de devolución á patrimonio público.

c) (xan. 2020) Designación do equipo encargado da realización do informe histórico, na dirección de Emilio Grandío Seoane. Posta en común inicial sobre o proceso. Coñecemento e contraste sobre o realizado ata a data entre os distintos

grupos en reunión establecida dende a Concellalía de Educación, Cultura e Memoria Histórica.

e) (xan.-abril 2020) Valeirado de documentación en arquivos locais, galegos e estatais. Primeira prioridade en datas sobre a procura de arquivos. Casuística variada no acceso e na posibilidade de obtención de materiais.

f) (maio-nov. 2020) Análise, reflexión e redacción do Informe Histórico. Posta en común no Instituto Cornide sobre o Informe Histórico. Sesións de traballo individualizado e conxunto cos equipos redactores dos Informes Histórico e Xurídico.

g) (nov.-dec. 2020) Presentación final do Informe Histórico á Dirección e Xunta de Goberno do Instituto Cornide e ó Concello da Coruña, en datas a considerar.

Estructura e presentación do equipo de Investigación

A estrutura operativa na realización deste Informe constitúese en varios planos. Un grupo reducido –denominado ‘Equipo de Investigación’– que se encargará dos procesos de localización, investigación e redacción do Informe nunha primeira fase. O seu cometido será a procura, incorporación, ordenación e interpretación de materiais documentais procedentes de, cando menos, os seguintes fondos:

- Arquivo Municipal da Coruña.
- Arquivo Histórico Municipal da Coruña. Actas das Sesións do Concello da Coruña.
- Arquivo do Reino de Galicia. a) Fondo documental da Familia Cornide. b) Fondo Gobierno Civil.
- Archivo General de la Administración (Alcalá de Henares). Fondo Poder Ejecutivo, Administración Central, Departamentos Ministeriales, Ministerios de Hacienda e Educación.
- Archivo General de Palacio (Madrid). Fondo Casa Civil del Jefe del Estado.
- Fondos do Catastro, Colexio Notarial...
- Hemeroteca: *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, etc.

Equipo de investigación:

- EMILIO GRANDÍO SEOANE: Membro numerario do Instituto Cornide, Profesor Titular de Historia Contemporánea (USC), Coordinador do G.I. Hispóna, con liñas de investigación especializadas en Segunda República e Franquismo. Redactor dos Informes Históricos nos procesos de recuperación do Pazo de Meirás promovidos desde a Deputación da Coruña e do Comité de Expertos designado polo Parlamento de Galicia.
- ARTURO ABAD PARDO: Funcionario municipal, Xefe do Departamento de Intervención Urbanística e Historiador.
- ALFONSO IGLESIAS AMORIN: Bolseiro Posdoutoral de Historia Contemporánea. Colaborador nos proxectos ‘O soño roto’, ‘Xeración Perdida Coruña 1936’ e ‘Xeración Perdida Pontevedra 1936’.
- MANUEL PÉREZ LORENZO: Profesor de Ensino Medio, especialista no período republicano e na represión franquista. Coautor de (2018) *Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio*. Membro dos equipos redactores dos Informes Históricos

sobre o Pazo de Meirás promovidos desde a Deputación da Coruña e o Parlamento de Galicia.

- ELISEO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Funcionario do Ministerio de Defensa. Licenciado en Biblioteconomía e Arquivística (UDC).
- AHARON SEGADOR GONZÁLEZ: Grao en Historia. En preparación da súa tese de doutoramento (USC).

Ademais, xa desde este primeiro momento contaremos coa colaboración de funcionarios do Concello da Coruña e de membros do Instituto Cornide para a posta en común, reflexión e análise do material existente.

A Coordinación do Equipo encargouse de fixar reunións, establecer os traballos, preparar a metodoloxía e a estrutura final do traballo, así como da realización e presentación final dos Informes ao Director do Instituto para darlle traslado ao Concelleiro.

Creouse de xeito paralelo un Comité Asesor integrado por especialistas en variadas temáticas (patrimonio, documentación, arquivística, urbanismo, dereito...) que aportaron a súa visión particular sobre o traballo realizado pola Coordinación. Traballaron en sesións conxuntas coa Coordinación, cun interese especial no debate de propostas e consolidación do proxecto desde distintas perspectivas. Foron citados pola Coordinación para levar adiante a 'posta en común' colectiva do traballo. Este Comité Asesor funcionou como unha estrutura paralela de carácter consultivo sobre o Informe realizado polo Instituto José Cornide.

Con este Comité Asesor tiveron lugar as seguintes sesións e nelas debateuse o que segue.

1º Reunión (Instituto José Cornide, 03/02/2020):

Reunión do grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público

O luns 3 de febreiro de 2020 reuniuse nos locais do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, ás 19 horas, o grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público que o Instituto organizou seguindo a decisión do Consello da Memoria Democrática, a proposta do Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica, segundo escrito que este nos remitiu o 28 de novembro de 2019.

Asistiron os numerarios do Instituto Cornide Emilio Grandío Seoane, Ana Romero Masía e Xosé A. Fraga Vázquez, o membro colaborador do mesmo Instituto, o avogado Xoán Antón Pérez Lema, o arquitecto e catedrático da Universidade da Coruña, Xosé Lois Martínez Suárez, o funcionario municipal Arturo Abad e varios membros do equipo de investigación (Eliseo Fernández Fernández, Manuel Pérez Lorenzo). Escusou a ausencia por razóns médicas o numerario electo do Instituto Cornide Pablo González Mariñas.

O director do Instituto Cornide explicou o proceso seguido ata a constitución do grupo, o labor encomendado ao mesmo e o papel que corresponde aos seus integrantes, asesorar, debater liñas de traballo, coñecer da actividade do equipo de investigación e realizar contribucións técnicas.

O coordinador do grupo, Emilio Grandío, presentou ao equipo de investigación, traballos a realizar, cronograma e demais detalles acordados coa concellaría para este exercicio.

Fíxose un repaso da información coñecida e posibles vías de traballo, cun amplo intercambio de opinións. Acordouse que as entidades, asociacións e persoas interesadas polo labor emprendido serán atendidas polo coordinador do grupo, quen recollerá as súas suxestións. Finalmente, ás 21 horas rematou a reunión, co compromiso de que a próxima teña lugar na primeira quincena de marzo, para nela analizar os primeiros resultados das pescudas en marcha.

A Coruña, 3 de febreiro de 2020

Xosé A. Fraga Vázquez

2ª Reunión (Instituto José Cornide, 09/03/2020):

Reunión do grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público

O luns 9 de marzo de 2020 reuniuse nos locais do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, ás 18.30 horas, o grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público que o Instituto organizou seguindo a decisión do Consello da Memoria Democrática, a proposta do Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica, segundo escrito que este nos remitiu o 28 de novembro de 2019.

O tema da reunión era, segundo o acordado na previa de 3 de febreiro, informar dos avances realizados nas pescudas emprendidas.

O coordinador do grupo, Emilio Grandío, fixo unha primeira síntese do labor realizado. A continuación, el mesmo e os membros do equipo de investigación detallaron esa actividade, que abrangueu a revisión de prensa da época, consulta dos fondos do Arquivo de Palacio, Madrid (onde se localiza o arquivo da Casa Civil da Xefatura do Estado), o Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares) e fondos municipais.

No cambio de impresións que seguiu se coincidiu na valoración de que o material ata agora localizado abre interesantes perspectivas na liña da posible recuperación da Casa Cornide.

Tratáronse os próximos pasos a dar nas pescudas e, finalmente, ás 21.30 horas rematou a reunión, co compromiso de que a próxima teña lugar na primeira quincena de abril.

A Coruña, 9 de marzo de 2020

Xosé A. Fraga Vázquez

O proceso da pandemia do Coronavirus e a proclamación do Estado de alarma coas medidas de confinamento adoptadas e a resolución temporal da desescalada provocou a paralización das actividades presenciais deste proceso de elaboración do Informe, especialmente as xuntanzas presenciais tanto do equipo de investigación como do Comité Asesor constituídos. O traballo do equipo de investigación e redacción do Informe seguiu a realizar por comunicación telemática xa que grande parte da

fase letra e citada no Cronograma de procura e localización de arquivos se atopaba a principios de marzo practicamente rematada.

Debido a este motivo de que o traballo de campo fora realizado na súa totalidade nos meses anteriores, o proceso de confinamento levado adiante na pandemia permitiu aproveitar moito mellor o tempo e levar adiante un proceso de reflexión e construción entre abril e xuño do Informe que agora presentamos, rematando este traballo cunha terceira reunión co Comité Asesor do Instituto Cornide no que se elaboraron e debateron as conclusións finais do Informe.

3º Reunión (Vía telemática, 14/07/2020):

Reunión do grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público

O martes 14 de xullo de 2020 reuniuse por vía telemática, ás 19 horas, o grupo de traballo técnico para o proceso de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público que o Instituto organizou seguindo a decisión do Consello da Memoria Democrática, a proposta do Concelleiro de Educación, Cultura Memoria Histórica, segundo escrito que este nos remitiu o 28 de novembro de 2019.

O tema da reunión era informar dos avances realizados nas pescudas emprendidas e comentar o informe histórico en preparación.

O coordinador do grupo, Emilio Grandío, fixo unha primeira síntese do labor realizado e a continuación houbo diversas intervencións. Grandío presentou o borrador de informe, cos seus diferentes apartados e conclusións, un material que se valora como moi útil para a reclamación que realizaran os servizos xurídicos correspondentes. No seu contido salienta o singular do proceso seguido para que a Casa Cornide pasase a mans da familia Franco, perfectamente planificado e realizado cos recursos públicos o do Concello da Coruña.

A reunión rematou ás 20.30 horas.

A Coruña, 14 de xullo de 2020

Xosé A. Fraga Vázquez

1. A Casa Cornide antes de 1962

A edificación coñecida como Casa Cornide está situada na rúa das Donas número 25 (aínda que tamén se sinala como o seu enderezo o da praza de Santa María ou praza da Colexiata, pola súa situación fronte á colexiata de Santa María) da cidade vella da Coruña. O edificio orixinario foi propiedade de Francisca Bernarda Jerónima Bermúdez Saavedra, esposa do avogado Diego Cornide, e alí naceu o fillo de ambos, o xeógrafo e naturalista coruñés José Cornide Saavedra en 1734¹.

José Cornide residíu nese edificio ata a súa marcha a Madrid en 1789, cando foi nomeado secretario perpetuo da Real Academia da Historia. Posteriormente este edificio foi substituído pola edificación actual, que se comezou a construír na segunda metade do século atribuíndose o seu deseño polo destacado enxeñeiro militar Francisco Llobet, que participou tamén no proxecto do Barrio da Magdalena e da Sala de Armas do Arsenal de Ferrol. Según Vigo Trasancos o proxecto da casa tivo que ser antes de 1763, ano no que Llobet abandona Galicia.

Despois da morte de Cornide o edificio pasou aos seus herdeiros e, desde inicios do século XIX, foi utilizado como casa do Concello, en atención ao seu privilexiado emprazamento e ao carácter monumental da edificación, de clara influencia barroca. De feito cando os franceses invaden A Coruña en 1809 esta era a sede municipal².

No inicio do século XX o edificio era propiedade de Carmen Vázquez Pardo, que o tiña herdado á morte do seu pai Antonio Vázquez Queipo y Pardo Balmonte, membro dunha familia fidalga de Lugo, que falecera en outubro de 1911. Antonio Vázquez Queipo estaba emparentado co famoso político lucense Pepe Benito: José Benito Pardo Rodríguez, do cal probablemente era curmán³. Non hai constancia de que a familia propietaria do edificio tivese residido na Casa Cornide en ningún momento, e hai constancia de que a partir da década de 1910 comezou a ser utilizado como sede de diversas sociedades culturais de orientación católica. Tamén semella que anos antes estivo arrendada para a Comandancia de Ingenieros⁴.

Nunha primeira instancia nas décadas de 1910 e 1920 o edificio foi o local social do Centro Jaimista, e a partir de maio de 1927 converteuse no local social do Centro Cultural de Santo Tomas de Aquino, que até o momento estaba instalado nun local na Porta de Aires número 2⁵.

O novo local foi solemnemente inaugurado por diversas autoridades eclesiásticas o 29 de maio de 1927, e nel comezaron a desenvolverse actividades de carácter cultural e, a partir de decembro dese mesmo ano, tamén proxeccións cinematográficas⁶. Desde aquela o edificio ficou na memoria de moitos coruñeses como o Cine dos Tomasinos. Por tres décadas, o Centro Cultural de Santo Tomás de

¹ Para maior información sobre as orixes ver López Gómez, P.; Suárez Rodríguez, M. de la O; “Diego Cornide, asesor del Virrey de la Nueva España”, en *Boletín del Archivo General de la Nación*, nº (xaneiro-abril 2019), pp. 155-183.

² Casabella López, X.M.; *Informe sobre a Casa Cornide*, Real Academia Galega de Belas Arte, A Coruña, 2018.

³ *El Eco de Galicia*, Lugo, 10/09/1891. *El Regional*, Lugo, 01/11/1911.

⁴ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 09/09/1906, 13/09/1906.

⁵ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26/12/1913, 31/12/1916, 26/05/1927.

⁶ *El Ideal Gallego*, A Coruña, 31/05/1927, 11/12/1927

Aquino mantivo a súa actividade na Casa Cornide, celebrando nela veladas teatrais, conferencias e facendo proxeccións cinematográficas. Nos tempos da II República resultou mesmo obxecto dunha tentativa de incendio en abril de 1934, que foi sufocado sen chegar a afectar á edificación⁷.

No final da década de 1940, sen que os Tomasinos abandonaran o local, comezaron as xestións do goberno municipal para que o edificio fose utilizado como sede do novo Conservatorio de Música y Declamación. O edificio xa era considerado nestes anos como un 'ben patrimonial específico de primeira magnitude' que 'en varias ocasións se manifestou claramente a súa vocación para uso público e de actividades culturais'⁸.

2. Contexto histórico. Consideracións sobre a res publica na Ditadura

⁷ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 24/04/1934. Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Goberno Civil. Expedientes de Asociacións. Caixa 32175-34

⁸ Casabella López, X.M.; *Informe sobre a Casa Cornide*, Real Academia Galega de Belas Artes, A Coruña, 2018.

O franquismo nos anos cincuenta e sesenta. *Res Publica* e Estado

Non resulta doado facer unha viaxe a aquel tempo. A cultura e os xeitos de convivencia social dunha Ditadura non son os mesmos dunha democracia parlamentaria. Meterse nese tempo é necesario para entender actitudes e comportamentos só explicables desde esa situación ‘anormal’ de mantemento dun estado de conflito permanente pero que, debido o tempo transcorrido, convértese en cotián.

Os anos dos que vimos a falar, as décadas dos cincuenta e sesenta, son, no noso país, tempos que moitas veces esquecemos. A historiografía carga as tintas no período franquista sobre os anos da Guerra Civil e da Segunda Guerra Mundial, pero os anos cincuenta e sesenta son anos moi relevantes para entender a pervivencia da Ditadura.

Nestas décadas houbo unha relaxación da política represiva. Ou, mellor dito, unha especialización cualitativa. Rematado o grande perigo subversivo que representou desde o remate da guerra mundial ter a milicias da guerrilla nos montes españois, o réxime tentou desde aquela superar o illacionismo. Necesitaba a lexitimación internacional, unha viraxe diplomática para facer a Ditadura máis ‘respectable’.

Realmente nos traballos destes anos é onde se inicia o proceso de institucionalización do réxime, onde se pasa do ‘gobierno militar dos vencedores’ ao ‘franquismo’. Créanse perfís distanciados da ‘vitoria’, pero sen esquecerla nunca. Nunha sensación de ter sempre a tixola polo mango, pero colléndoa cando é necesario. E é que o réxime pretende durar, aplicar perspectivas a medio prazo que acaden a maior integración posible no desenvolvemento desa nova Europa do Benestar que se está a crear na parte occidental europea co apoio estadounidense.

En torno ao 18 de xullo comezouse a crear entre a sociedade exhausta do drama da guerra algo parecido a un ‘consenso’, a un acordo tácito que representaba a adaptación da ‘anormalidade’ co obxectivo de sobrevivir. O curioso é que este pacto obrigado e forzado non se baseaba no apoio, senón mesmo na desmobilización política e na indiferenza social. Nas imaxes ‘oficiais’ recalcábase de xeito notable a adhesión ó réxime, porque necesitaba esa lexitimación, pero desde logo nunca foi unánime socialmente. A evolución da Ditadura ten lugar nun proceso *a priori* contradictorio entre ‘inmobilismo’ e ‘adaptación’.

Nestes anos ser ‘camisa vella’ segue a ser un valor, sen dúbida, pero xa non indica o mesmo que nos corenta. Aparecen novos sectores influentes. Os equilibrios de poder internos non se poden explicar unicamente a través de familias políticas, como se vén explicando ata agora. Hai elementos escasamente recoñecibles como grupos, individualidades ou sectores máis ou menos amplos que non teñen por que ter unha adscrición política estrita. Ademais, nestes anos pódese cambiar de grupo dun xeito moi doado: encadrar a un individuo como tradicionalista, falanxista ou católico é unha ferramenta que serve aos historiadores para explicar dun xeito máis doado aquel contexto, pero non corresponde exactamente coa realidade dun réxime que tenta sempre ser o máis opaco posible. O que para algúns é eficacia, na realidade é relación e influencia. Nada máis sinxelo. Nada máis directo. Nada menos visible.

A esencia da garantía de supervivencia da estrutura de poder do réxime seguía a existir. Non por aplicar políticas represivas máis cualificadas e sutís, o control da

información seguía a ser peza básica. O dominio da información outórgalles o control do relato. Para acadar isto é necesario difundir a desconfianza, a particularidade, o íntimo... porque todos poden converterse en inimigos. Todos precisan ser vixiados.

O réxime xera un determinado xeito de entender a política. Esta é considerada nociva, perigosa, insolidaria... O concepto de política da Ditadura está moito mais vinculado á xestión. Na análise do franquismo é preciso situar máis o foco no que se fai que nas etiquetas que se colocan. Nos feitos, non no discurso nin na palabra. Aí atopábase o auténtico franquismo. Na capacidade de mutación e de cambiar de xeito rápido segundo os intereses. O relato logo camúflao. Por iso a información é tan relevante. Non é posible facelo sen tela controlada.

Hai que recoñecerlle ao franquismo a prioritaria vontade de facer sobrevivir ao réxime baseándose na súa adaptación á realidade cambiante, e non tanto a proxectos ou perspectivas de futuro a medio ou longo prazo. Pero unha resultante de toda esta cultura e hábitos de adaptabilidade é a notable opacidade da visibilidade do seu funcionamento interno, especialmente verificable na súa administración. Unha boa proba de todo isto é o motivo do Informe que tedes entre as mans: o proceso de permuta e transferencia da propiedade da 'Casa Cornide' á familia Franco, así como outros casos xa coñecidos.

O control da información durante o proceso era un elemento absolutamente clave, máis aínda nos anos cincuenta e sesenta, cando ese control realízase con moita maior eficacia que nos anteriores, xa que o dominio da administración e a influencia da familia é absoluta. Determinábase desde estes escenarios e espazos as posibilidades duns e doutros representantes políticos. A base do réxime é a información e o seu control. O que non se ve non existe.

O que acontece no mundo máis local vai ser 'un producto variable de la interacción entre el centro y la periferia'⁹. Porque non necesariamente se vai reproducir de xeito mimético o que se dite desde Madrid. Establécese un xogo de influencias e un tanteo de presións variadas, xa que as características de cada zona son particulares, aínda que se nos amose a imaxe dun franquismo moi semellante, de escasos matices e de información moi tendenciosa, mesmo a que nos chega ata os nosos días.

A Coruña se cabe é un territorio que nestes anos ten unha característica orixinal que a fai singular, só comparable a San Sebastián. A cidade herculina ten a consideración 'pseudo oficial' –pero si tanxible e real– da 'Corte de verán' do Ditador. Sede permanente das vacacións e do tempo de lecer do Caudillo durante case catro décadas. Sen pausa. Esta consideración fará fortalecer sen dúbida as relacións entre determinados sectores da cidade e a capital do Estado. Relacións evidentemente xa existentes desde os primeiros anos do século XX, mais que agora reafírmanse e consolidan desde unha formulación menos transparente, e posiblemente máis efectiva.

Os Gobernadores Cívís eran os primeiros elementos nesta estrutura institucional encargados de establecer a relación entre Estado e Sociedade. Desde a perspectiva do Estado tiñan un 'rol de cortafuegos' co que se procuraba rebaixar a intensidade dos

⁹ Ponce Alberca, J.; 'Poder central y poderes locales en perspectiva comparada durante la segunda mitad del siglo XX: España, Italia, Francia y Portugal', Documento de Trabajo Seminario de Historia, Fundación José Ortega y Gasset/Gregorio Marañón, Madrid, 2015, p. 6.

posibles conflitos que desde o local acadaran o centro de poder da Ditadura. As relacións peculiares que mantén a capital herculina pola estadía constante do Xefe de Estado durante o verán fai que a relevancia da sede provincial se acrecente e reafirme durante estes anos.

O primeiro Gobernador Civil da provincia no que se apreciou o cambio do mesmo franquismo cara a súa pervivencia foi Martín Ballesteros, Maxistrado e Xefe de Falange, que estivo como titular do Goberno Civil da Coruña desde decembro de 1945 ata marzo de 1949. O seguinte titular do Goberno Civil foi o Coronel de Infantería Hierro Martínez. Militar que participou na guerra civil, sen dúbida foi elixido nese posto para controlar mellor a loita contra a guerrilla, especialmente nos seus momentos finais, xa que tiña no interior e norte das provincias de A Coruña e Lugo unha das zonas máis importantes de combate. Estivo neste posto ata marzo de 1951, apenas dous anos, para converterse no Director General de Seguridad ata 1957.

É a partir precisamente do cambio de década cando comeza a construírse unha nova realidade do franquismo, moito menos vinculada ó militar, fóra da idea da ‘vella guardia’. Era necesario facer cambios no xeito de ‘facer política, intransixentes na esencia do réxime pero con vontade de levar adiante unha maior integración de cada vez un maior número de sectores sociais que non sempre procedían da organización vertical do Movemento¹⁰. Isto supuxo unha necesaria renovación de cadros desde arriba cara abaixo, desde o Estado cara a administración provincial e local, como se percibe nesta provincia e na súa capital municipal¹¹.

A problemática da actividade dos Gobernadores Cívís como unha parte máis do conflito cos sectores locais e do Movemento Nacional –falanxistas ou tradicionalistas– solventouse outorgando un maior poder ao aparello institucional. Foron capaces de converter o Movemento nun apartado máis do aparello administrativo provincial. O traballo de control da provincia comeza a facerse máis burocrático e tamén, como xa comentamos, máis opaco para o seu estudo sen as fontes oportunas.

Este cambio estivo protagonizado na provincia pola chegada de Pardo de Santayana, que tamén estivo un par de anos no cargo, entre xuño de 1951 a novembro de 1953. Corresponde ao perfil indicado: de profesión Enxeñeiro Agrónomo e procedente de Santander, terá unha longa carreira especializada en Gobernos Cívís. Este perfil máis ben técnico e burocrático continuará coa chegada de Graciá Martínez, quen estaría cerca de cinco anos na capital da provincia (entre novembro de 1953 e marzo de 1958). É curiosa a súa pertenza cedista previa, xa que non hai moitos responsables de Gobernos Cívís que teñan o seu perfil.

Se os anos cincuenta son os do cambio, os sesenta son os da estabilización e do desenvolvemento. Quizais fose o momento en que en maior medida se conseguiu acadar o obxectivo de consolidar a vía da ‘democracia á española’ proposta desde a Ditadura, substituíndo unha cultura política cimentada no nacionalcatolicismo e levándoa cara o desenvolvemento económico de xeito moi individualizado. Creouse unha nova sociedade cunha profesión de autónomos necesarios para cubrir e sufragar un Estado sempre deficitario nos seus ingresos, entre outras cuestións por ter baixas taxas fiscais. Unha sociedade que maioritariamente aceptaba a súa situación, reforzada con pautas de comportamento mesturadas de apoliticismo e autoritarismo.

¹⁰ Molinero, C., Ysas, P.; *La anatomía del franquismo*, Crítica, Barcelona, 2008, p. 19.

¹¹ Marín i Corbera, M.; *Porciolet. Catalanisme, Clientelisme i Franquisme*, Editorial Base, Barcelona, 2005, p. 67.

A referencia ós liderados era constante¹². A participación de base dirixida. O público inexistente.

E foi Martín Freire o que representou ao Estado a través do Goberno Civil herculino nesta etapa. Grande propietario agrícola e gandeiro de Ciudad Real, durante a II República militaba primeiro no Partido Agrario Español e logo na CEDA. Unha vez que deixo a súa terra, converterase en Gobernador Civil de As Palmas e Alacante, ata a súa chegada ao Goberno Civil da Coruña, onde permaneceu como titular entre maio de 1958 e marzo de 1966. Cando abandona este posto convértese no Secretario Xeral da Junta de Información, Turismo e Educación Popular, no Ministerio dirixido por Manuel Fraga.

A Coruña e a súa relación co réxime: unha Corte de verán en torno ao Pazo de Meirás

A cidade da Coruña recibiu en múltiples ocasións as visitas da familia Franco Polo, xa que a residencia de verán do ditador estaba emprazada en Meirás, a escasos 15 km da capital provincial. Porén, esa intensa relación entre A Coruña e os Franco arrinca xa anos antes do ascenso do militar ferrolán á Xefatura do Estado. En febreiro de 1932 o entón xeneral de brigada chegaba á cidade na compañía da súa muller e da súa filla para ocupar a xefatura da XV Brigada de Infantería de Galicia. A súa estadía non se demoraría moito tempo. Un ano despois partían rumbo ao seu novo destino en Baleares. Non obstante, este período teríalle servido para tecer lazos con personalidades de relevancia no tecido social e económico local, como o banqueiro Pedro Barrié de la Maza¹³.

Ata decembro do ano 1938, coa Guerra Civil avanzando xa cara os seus últimos compases, non volvería Franco á Coruña, aínda que si visitaría á súa familia en Ferrol nalgunha ocasión. Carmen Polo faríao, sen el, en outubro de 1937, xa como “primeira dama” do territorio controlado polos sublevados. O seu paso será fugaz, camiño de Pontedeume, onde celebraría a onomástica da súa cuñada Pilar Franco¹⁴. Uns meses despois, o 8 de xuño de 1938, produciríase unha segunda visita, nesta ocasión pernoctando no Goberno Civil da cidade herculina¹⁵. O motivo era ben diferente: “dar instrucciones sobre las instalaciones de lo que ha de ser hogar para su descanso”¹⁶. É dicir, inspeccionar as obras que se estaban a levar a cabo no Pazo de Meirás, un cometido que o propio Franco, ocupado en asuntos bélicos, non podía asumir polo momento. Nese mesmo verán –entre o 17 de agosto e o 14 de setembro– aloxaríanse xa en Meirás Carmen Polo, a súa filla e a súa irmá Ramona¹⁷.

O obsequio do edificio fora anunciado o 31 de marzo, aínda que o acto de entrega demorárase ata o 5 de decembro, como consecuencia do transcurso da guerra. Coincidindo cunha visita a Santiago de Compostela para gañar o xubileu, Franco acode

¹² Ruiz Carnicer, M.A.; ‘Falange y el cambio político y social en la España del desarrollismo. Materiales para explicar una socialización compleja’, en Ruíz Carnicer, M.A., (Coord.), *Falange. Las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975)*, Institución Fernando el Católico, Zaragoza, 2013, p. 384.

¹³ *La Voz de Galicia*, 15/12/1988.

¹⁴ *La Voz de Galicia*, 13/10/1937.

¹⁵ *El Compostelano*, 09/06/1938.

¹⁶ *La Voz de Galicia*, 10/06/1938.

¹⁷ *Diario de Pontevedra*, 18/08/1938.

ao Pazo por primeira vez. Non visita A Coruña nesta ocasión, senón que, máis ben, é A Coruña que o visita a el, que recibe en audiencia na súa nova casa ás autoridades herculinas¹⁸. Nos meses previos, a entidade promotora da ofrenda, a Junta Provincial Pro-Pazo del Caudillo, afanárase en adecualo ao gusto e ás pretensións dos seus novos moradores. Esta entidade, malia estar dotada de rango provincial e incorporar a varios alcaldes, estaba composta fundamentalmente por representantes das institucións, a prensa, a empresa e a banca da cidade¹⁹. O agasallo a Franco contribuirá á súa promoción persoal²⁰ ou á consolidación da súa posición á fronte do tecido político, económico e social dunha urbe que o ditador converterá nunha sorte de capital estival. O Pazo de Meirás, ao longo de máis de tres décadas, funcionará a todos os efectos como residencia oficial de verán do Xefe do Estado, que, pola propia natureza dun réxime que xiraba en torno a el, desprazará canda si cada ano a ministros, funcionarios e acompañantes, como se dunha corte se tratase. “El Gobierno de España, en La Coruña”. Este era o titular que encabezaba unha portada de *La Voz de Galicia* en agosto de 1954, introducindo a habitual crónica das circunstancias ligadas á estadía de Franco:

Vuelve, pues, a vivir La Coruña jornadas intensas de actividad oficial y de exaltación patriótica que, por otra parte, la convierten, circunstancialmente, en cabeza territorial de la nación. La Coruña siente el orgullo legítimo de ser escenario de acontecimientos de máxima importancia.²¹

O emprazamento do Pazo nas inmediacións da Coruña implicará, xa que logo, que as relacións entre as elites locais e as altas xerarquías do réxime –encabezadas polo propio *xeneralísimo*– sexan intensas. Ademais da acostumada reunión do Consello de Ministros, cada verán celebrábase en Meirás unha audiencia na que Franco recibía a institucións e particulares e na que participaban a Deputación e o Concello. As principais autoridades herculinas tamén eran convidadas a un banquete de gala no propio Pazo. A relación co ente municipal era fluída e materializábase na prestación de diversos servizos. Se os xardineiros do Concello se encargan de preparar os xardíns do Pazo antes da chegada dos seus moradores, o propio alcalde Alfonso Molina, integrante da Junta Pro-Pazo moi ligado ao propio Franco e a Carmen Polo²², sería, como Ingeniero Director de Vías y Obras da Deputación, o encargado de coordinar boa parte das actuacións realizadas en torno ao Pazo²³. O seu sucesor, Sergio Peñamaría de

¹⁸ Archivo General de Palacio, Gobierno del General Franco, Fondo de la Casa Civil del Jefe del Estado, Expedientes de Protocolo, Jornadas Veraniegas de Sus Excelencias, leg. 2670–2728.

¹⁹ Babío Urkidi, C. e M. Pérez Lorenzo (2017): *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*. Santiago de Compostela de Compostela: Fundación Galiza Sempre.

²⁰ O Gobernador Civil e presidente de honra da Juna-Pro Pazo, Julio Muñoz de Aguilar, será promocionado á Xefatura da Casa Civil de S. E. el Jefe del Estado no momento da súa creación (*BOE*, nº 285, de 12/10/1939). O pintor Fernando Álvarez de Sotomayor, promotor da iniciativa, era ascendido á alcaldía da Coruña para, meses despois, recuperar o seu antigo cargo de director do Museo do Prado.

²¹ *La Voz de Galicia*, 07/09/1954.

²² Martín Ossorio, F. (2016): «Alfonso Molina, el hombre de los Franco en A Coruña», *Anuario Brigantino*, nº 39, Betanzos: Concello de Betanzos.

²³ Arquivo da Deputación Provincial da Coruña. 1.3.3. Vías e obras. Leg. 1951. «Proyecto de rampa provincial al cuartel de la escolta de S. E. en Meirás en la carretera provincial de Meirás al puerto de Santa Cruz»; Id., «Proyecto de las obras de variación en el origen de la carretera provincial de Meirás

Llano, mesmo chegaría a xestionar a adquisición de propiedades particulares para Franco en Meirás²⁴. De feito, é a administración municipal nos períodos de Molina e Peñamaría á fronte da alcaldía a que pilota o proceso que leva a que a Casa Cornide remate nas mans de Carmen Polo. O Concello era tamén o encargado de organizar o acto oficial máis relevante do ano na cidade: a cea de gala no palacio municipal coa que se obsequiaba ao Xefe do Estado e demais autoridades. Figurar entre o cento de comensais convidados era sinónimo de pertenza a ese reducido círculo que debía boa parte do seu poder á capacidade de interlocución con Franco.

Máis alá de eventos protocolarios, os veraneos de Franco en Meirás e a súa presenza recorrente na Coruña posibilitaban a convivencia entre representantes das estruturas do réxime a nivel estatal e local. Unha coexistencia demorada durante semanas que cobraba intensidade nas actividades de ocio realizadas en común. Era habitual que altos cargos políticos do Estado e figuras centrais do organigrama da Casa Civil de S. E. el Jefe del Estado –que se aloxaban en hoteis da cidade– fosen convidados aos eventos deportivos, culturais ou de ocio que se celebraban durante a súa estadía, do mesmo xeito que a propia familia de Franco. Ademais do estadio de Riazor, a praza de touros ou o Palacio de los Deportes, o Club Náutico ou o Club de Golf eran escenarios habituais de encontro co ditador, ligados ambos á figura de Barrié. Pero tamén se producían contactos no ámbito privado, en forma de visitas ao propio Pazo por parte de autoridades locais e amizades da familia.

Por outra parte, a presenza dos Franco na Coruña non se limitaba á tempada estival. Se ben eran moi ocasionais as visitas do ditador fóra destes períodos, Carmen Polo desprazábase á cidade tamén entre os meses de decembro e abril, polo xeral acompañada dalgunha das súas irmás e da súa filla Carmen²⁵. Nestas ocasións, hospedábase no Hotel Embajador e era frecuente que aproveitase para gañar o xubileo na cidade do Apóstolo. Os recibimentos que lle tributaban as autoridades locais eran acordes á consideración que lle outorgaban como figura pública e como representación da Xefatura do Estado.

Práctica política, estrutura municipal e relación cos Gobernadores Civiles. Alfonso Molina, Peñamaría de Llano e Pedro Barrié de la Maza.

Xa vimos contando nas liñas anteriores como a cidade herculina tiña unha consideración especial desde El Pardo. Era a cidade onde se establecía a Xefatura do Estado durante un tempo aproximado dun mes todos os anos, con todo o que implicaba de protección, vixilancia, prevención, relacións sociais... Era evidente que neste aspecto os Gobernadores Cívís, como delegados directos do Ministro de Gobernación xogaban un papel fundamental. De todos os xeitos, o desprazamento dos Ministros de Gobernación, autoridades militares e cívís era constante na chegada dos Franco á cidade. Todo isto motivaba o despregamento dunha infraestrutura organizativa notable. Rutinaria, porque case todos os anos repetíase o mesmo

al Puerto de Santa Cruz, en las inmediaciones del Pazo».

²⁴ Archivo General de Palacio, Gobierno del General Franco, Fondo de la Casa Civil del Jefe del Estado, Documentación relativa a propiedades, Leg. 3416.

²⁵ *La Voz de Galicia*, 31/12/1953, 01/01/1954, 01/01/1955, 25/03/1958, 08/04/1959, 29/11/1960, 21/03/1962, 16/01/1965 e 27/03/1965; *El Correo Gallego*, 31/12/1953; *El Pueblo Gallego*, 08/04/1959.

esquema –mesmo na información que circulaba nos medios–, pero sempre importante, tendo en conta o aparello de vixilancia que xiraba arredor do Ditador.

A información que se permitía que circulara, a que xogaba o papel de pública, estaba circunscrita a ámbitos sempre de carácter moi local, ou xa directamente, a disposicións desde o Estado. A información distribuíase en compartimentos estancos ben localizados nos que a súa capacidade de interrelación viña aprobada e dirixida pola enorme estrutura dos aparellos de información. Practicamente non había fendas, nin vontade dentro dos comunicadores debido á férrea vixilancia, para atopar ocos de espontaneidade nin de crítica. Tampouco a chamada opinión ‘publicada’ procuraba intereses distintos daqueles que puideran desviarse da chamada liña ‘oficial’ do réxime, marcada de antemán, ou que podía variar de rumbo segundo intereses concretos e particulares.

Polo tanto era ben necesario o control do mesmo Concello onde se centralizaba a maioría desta visita dos Franco, e que non esquezamos que fora inspirador da ‘cesión’ do Pazo de Meirás nos anos da guerra civil. No tema e cronoloxía que nos ocupa hai só dous Alcaldes, os dous de confianza: Alfonso Molina Brandao e Sergio Peñamaría de Llano. Moi diferentes en carácter e imaxe externa, pero semellantes na súa absoluta fidelidade ó Caudillo.

Resulta ben curioso como no caso desta cidade os que deberían ser *a priori* os grandes sectores influentes destes anos no franquismo –Movimiento e organizacións confesionais– non aparezan representados nas designacións directas que fai o Ministerio de Gobernación destes dous Alcaldes. Con isto non queremos dicir nin moito menos que non tiveran a súa relevancia e influencia, pero pode resultar sintomático e explicativo do que a Ditadura quería dos dirixentes locais da cidade. De todos os xeitos, neste proceso atopamos a salientables dirixentes da ACNP á cabeza da Dirección General de Bellas Artes e na Subsecretaría do Ministerio de Hacienda, como actores administrativos ben claros da permuta e compra que nos ocupa.

A fortaleza dos dirixentes locais ou provinciais pódese medir en base á eficacia que lles merecía ás estruturas do Estado e, polo tanto, esa eficacia pode á súa vez determiarse en función da estabilidade e tempo no cargo. Este é o caso tanto de Alfonso Molina como de Peñamaría de Llano. Os dous teñen en común unha pertenza primeira de xuventude durante a II República ás JAP, as xuventudes da CEDA, e tamén a súa formación para niveis altos da administración franquista, como Enxeñeiro o primeiro e integrante dos ‘Xurídicos Militares’ o segundo, dous dos corpos máis requiridos nestas décadas polo franquismo para nutrir os altos cargos locais e provinciais.

a) Alfonso Molina

Alfonso Molina é un dos maiores referentes do franquismo na cidade. Seica case na memoria popular case ó único e o mais referenciado ó falar desta etapa. Foi un dos Alcaldes con maior recoñecemento local a través do tempo. De el cita o Catedrático Xosé Ramón Barreiro: “se atrevió a proyectar sobre la ciudad su caudal imaginativo, su estilo de ‘bon vivant’, su falta de respeto a la norma (no excluida la estética y urbanística), convirtiendo a La Coruña en una de las ciudades más alegres”²⁶. A súa

²⁶ Barreiro Fernández, X.R.; (1986), *Historia de la ciudad de La Coruña*, Biblioteca Nova, A Coruña, p. 411.

capacidade de actuación, según Barreiro, procedía sen dúbida da estreita relación mantida coa familia Franco dende os anos da guerra civil²⁷.

Alfonso Molina é membro dunha familia central na historia económica e social contemporánea da cidade. Tras formarse durante os anos da Segunda República en Madrid, achegado á CEDA e ás JAP, tras o golpe militar é inmediatamente nomeado Presidente da Comisión Xestora da Cámara da Propiedade da Coruña. Alfonso Molina vai xerando a súa política da influencia: Ingeniero Jefe de Vías y Obras da Deputación Provincial, Vocal do Banco de La Coruña, Presidente da Cámara da Propiedade e do Casino. Será concelleiro desde 1938 en varias corporacións e ocupará a alcaldía desde o 3 de maio de 1947 ata o seu falecemento acontecido o 25 de novembro de 1958. Neses once anos no poder, Molina convértese na expresión e imaxe dunha nova cidade, na personalización dun réxime que pretende recuperar o dinamismo perdido dos anos trinta na cidade²⁸.

A nosa personaxe foi un exemplo máis dos que existiron por toda España capaces de dotar dunha fachada amable con certos toques de ilusión á sociedade que sufrira a guerra e continuaba na Ditadura. Precisamente, desde os anos en que é elixido Alfonso Molina xorde unha nova 'elite administrativa', moito máis vinculada á xestión, cunha mellor formación técnica, que cimenta o réxime e o faculta dunha imaxe exterior moito máis acorde coas pretensión de ir relacionándose coa Europa beneficiada do Plan Marshall. Molina é o claro exemplo deste novo impulso: da orixe dunha administración 'franquista', sen etiquetas engadidas.

E é imposible entender o proceso de designación de Alcaldes das capitais de provincia sen o consentimento personalizado do réxime, é dicir, de Franco. A Ley de Bases de Régimen Local aprobado o 17 de xullo de 1945 sancionaba o nomeamento de Alcaldes polo Ministro de Gobernación para as capitais de provincia e concellos de mais de 10.000 habitantes, por tempo indefinido e sen nin sequera a condición necesaria de que fose previamente elixido concelleiro.

A partir de aquí comezan a desenvolverse, de xeito paulatino, os mecanismos regulados do réxime para a súa selección de persoal local. O establecemento de eleccións municipais a partir de 1948 pode considerarse máis un elemento de imaxe exterior que o recoñecemento da vontade da poboación sobre o seu rumbo. A diferenza entre uns e outros procesos electorais atopábase non nas cifras, senón na calidade dese voto, na ausencia de presións e condicionantes no intre do sufraxio. É obvio que a Ditadura de Franco non primaba esta calidade do voto, cando mesmo hai escritos de Gobernadores Civís indicando como se este tiña que ser recollido.

É evidente que Molina atopábase na estrutura franquista de xeito ben consciente e participaba de xeito protagonista en todas as actividades do poder na cidade en relación con Franco. Como Enxeñeiro da Deputación, foi unha das pezas clave na reforma dos espazos achegados ó Pazo de Meirás, pero é que ademais, e como xa

²⁷ *Molina daba conferencias de prensa a las cuatro de la mañana, firmaba licencias de obras de diez en diez, inundaba la ciudad de árboles y flores exóticas, llevaba la guardia jalfiana a amenizar una corrida de toros, fumaba puros hechos para Rockefeller y se tomaba una laconada en un cuarto de hora o un queso del país en media, aderezado con libaciones de Ribeiro. Pero había algo más –y esta fue su principal hazaña- daba plantas a los gobernadores civiles y demás jerarquías falangistas de la época a cualquier hora y por cualquier motivo. La causa de este poder estaba en el Pazo de Meirás: Molina le caía simpático no sólo a Franco sino a su esposa Doña Carmen; idem, pp. 411-412.*

²⁸ Ver Martín Ossorio, F.; (2020), *Alfonso Molina Brandao, un alcalde de su tiempo*, Publicaciones Arenas, A Coruña (en prensa).

vimos, foi un dos integrantes da Junta Pro Pazo del Caudillo, como Presidente da Xestora da Cámara da Propiedade da Coruña. A súa relación cos Franco sempre semellou ser moi directa. En virtude deste estreito contacto coa fonte e orixe do poder na Ditadura –Francisco Franco–, tiña as portas abertas en círculos moi influentes de Madrid e do Pardo, independentemente da súa adscrición ideolóxica concreta. Non era isto o relevante, senón quizais ser o Alcalde que, coa excepción do de Madrid, mantiña unha relación máis estreita e persoal.

É ben curioso a pertenza inicial tanto de Alfonso Molina como de Peñamaría de Llano ó cedismo, cando nos anos inmediatamente posteriores á Segunda Guerra Mundial os sectores máis ortodoxos do falanxismo seguían a considerar a estes sectores de xeito despectivo, chamándolles ‘accidentalistas’. De feito, o seu líder nunca fora ben considerado polos sublevados nin por Franco a partir do 36, aínda que este o utilizaba segundo conviña. Así que cremos que no caso concreto de Alfonso Molina é a súa singularidade o que viña sendo relevante e o levou á consolidación na Alcaldía durante tanto tempo. Son as súas relacións non estritamente políticas e o seu trato personalizado o que motivaron esta duración e confianza desde o máis alto do réxime.

A súa personalidade ben axudaba, xa que ningúen pode dubidar dun carácter carismático que permitía aglutinar a sectores diferentes, entre outras cuestións, porque a súa autoridade non procedía de ningún deles en particular, senón doutra influencia incuestionable situada por riba de todos. E a Ditadura procuraba agora esta nova imaxe que achegaba Molina para iniciar a súa consolidación sen a pátina ben do fascismo, ben da violencia paraestatal. Era o intre de Molina, o momento de camiñar desde o ámbito desta cidade cara ao futuro do réxime. Molina representa a tentativa dun salto cara adiante pero moi condicionado por uns restritivos orzamentos e precarios ingresos municipais, insuficientes para os proxectos e ideas de longo percorrido que tiña o Alcalde.

Durante o seu mandato, A Coruña é unha cidade que senta as bases dun gran crecemento, mais con considerables déficits estruturais en canto á súa mobilidade e integración interna, por certo, algo ben común ao ‘desarrollismo’ urbano franquista dos anos cincuenta. Molina abre un centro da cidade extraordinariamente ben comunicado desde o exterior coa construción da grande arteria que é a Avenida de A Vedra –logo bautizada co seu nome, e que complementaba a entrada pola costa das Xubias–, pero que ten unha complicada accesibilidade desde os lugares máis achegados: os barrios que se van creando nos lindes do casco urbano tradicional. A imaxe exterior da cidade cambia, e convértese nunha cidade que olla cara ó exterior, que se ensina o exterior de xeito directo –con grandes proxectos como a Casa de América, o Museo del Mundo Céltico...–, mais que esquece a grande parte da súa cidadanía e a deixa relegada a un segundo ou terceiro nivel de accesibilidade.

Tras a morte de Alfonso Molina, o Concello en febreiro de 1959 ten que chegar a un acordo co Banco de Crédito Local para obter financiamento co que facer fronte ós pagos pendentes, pois xa esgotara varios créditos doutras entidades financeiras²⁹.

b) Peñamaría de Llano

²⁹ Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao, un alcalde de su tiempo*, Publicaciones Arenas, A Coruña, p. 800 (en prensa).

Será o seguinte Alcalde o que enfocará todas estas débedas e proxectos, aproveitando a onda 'desarrollista' impulsada polo réxime desde os primeiros anos sesenta. Sergio Peñamaría de Llano chega ó poder do Concello o 19 de maio de 1959³⁰. Procedente como xa comentábamos das JAP³¹, –concretamente das JURD coruñesas–, convertérase en 1935 en secretario da Falange local³². Membro do corpo xurídico militar, foi promocionado a Alférez Provisional en decembro de 1936³³, e converteuse no Secretario Local do Movemento na Coruña en 1950³⁴. Ademais da súa actividade militar e xurídica, Peñamaría de Llano é un dos líderes políticos locais naqueles primeiros anos cincuenta en que a influencia do Movemento vén sendo freada desde a nova proposta de renovación exterior da Ditadura.

Mais do mesmo xeito que a chegada ó poder de Alfonso Molina coincide co peche dunha etapa do franquismo, a morte deste e a chegada de Peñamaría de Llano coincide cun cambio de perfil político demandado desde a cúpula da Ditadura. Outra nova adaptación ós tempos. O novo grupo social emerxente serán en moita maior medida os técnicos, peritos e empregados especializados na administración, moi influenciados desde círculos católicos. Cada vez o Estado oríéntase á xestión e á administración pública, precisamente un dos trazos identificativos do mencionado 'desarrollismo'.

Segundo algúns autores, Peñamaría apenas puido facer outra cousa durante o seu mandato que pagar as débedas herdadas de Molina: as expropiacións da Vedra, recibos de numerosos comercios, desaxustes no orzamento, etc.³⁵. Porén, outra visión é a dun Peñamaría de Llano moi activo nos asuntos públicos que acada de Madrid certa proxección da cidade, coa consecución de proxectos deseñados por Molina e que, nalgúns dos casos, consegue finalizar, preparando a cidade para os anos setenta.

Peñamaría de Llano personifica nesta súa etapa de Alcalde o 'desarrollismo' con moitas e esperanzadoras novas que chegan todas de Madrid: as sempre proxectadas obras de saneamento, o aeroporto de Alvedro –imprescindible polo tráfico desde Madrid especialmente no verán–, a inauguración da planta da empresa Coca-Cola, tentativas de anexión de Concellos como Oleiros e Culleredo para encaixar a expansión do Concello, as posibilidades de construción dunha nova estación de autobuses... Non semella que fosen proxectos moi diferentes dos formulados por Molina, e que Peñamaría de Llano continúa.

E todo isto conséguese en grande parte tamén por esa relación estival, sempre presente, da cidade da Coruña con Madrid. Se ben quizais non tiña un vínculo tan estreito con Franco de xeito previo, o que si é certo que a súa posición como Alcalde da Coruña lle colocou nun lugar de privilexio á hora de establecer relacións e influencias en Madrid. De feito, as súas actuacións encamiñadas a engrosar o patrimonio do matrimonio Franco Polo non se circunscriben exclusivamente á casa Cornide. Será el tamén quen xestione a adquisición de dúas parcelas lindeiras co Pazo de Meirás. Unha delas, que incluía unha vivenda, non puidera ser anexionada de xeito

³⁰ *La Noche*, Santiago de Compostela, 23/04/1959.

³¹ Grandío Seoane, E.; *Los orígenes de la derecha gallega. La CEDA en Galicia*, Ediciós do Castro, Sada, paxs. 69 e 208.

³² 19/01/1935. Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Gobierno Civil. Correspondencia. Signatura 2655.

³³ *BOE*, 06/12/1936.

³⁴ *La Noche*, Santiago de Compostela, 08/02/1950.

³⁵ Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao, un alcalde de su tiempo*, Publicaciones Arenas, A Coruña, p. 800 (en prensa).

forzoso á finca do pazo en 1938 –como si o foran outras– por atoparse o seu propietario, Manuel Portela, en EEUU. No ano 1962, acababa de regresar, polo que se retomaba a operación. Nesta ocasión, era Peñamaría o encargado de levar a cabo as negociacións e os trámites administrativos.

Peñamaría tería que lidiar con diversas dificultades neste proceso de compra-venda e permuta. De todo isto íalle informando a Ricardo Catoira, o intermediador directo con Franco:

En el día de hoy he hecho entrega, al fin, de las llaves de la casa desalojada por el Sr. Portela, a Vicente, el guardián del Pazo. En vista de que aquel Sr. no salía de su juego de «para adelante y para atrás» (más para atrás que para adelante) le señalé una fecha tope para que se fuera, y me obedeció³⁶.

Días despois desta misiva, Catoira remitía outra en nome de Carmen Polo agradecendo ao alcalde os servizos prestados:

Recibí tu carta 19 del actual, y estoy completamente de acuerdo con el contenido de la misma, de la que he dado cuenta a S.E. la Señora, quien me encarga te haga presente las más sinceras gracias por la favorable resolución en el asunto de la casa de Meirás, y todas las molestias que te ha ocasionado el propietario, por lo difícil que es tratar con el y que gracias a tu discreción y tesón lo has logrado al fin³⁷.

O alcalde ofreceulle ao propietario, a cambio da parcela e da casa, un importe en metálico e a construción doutra vivenda nunha finca próxima que el mesmo se encargara de adquirir actuando como apoderado do propio Caudillo. Dado que a nova parcela superaba a extensión comprometida con Portela, o terreo restante, case 3000 m², era inscrito a nome de Franco. Curiosamente, este proceso é paralelo ao que é motivo deste Informe: ten lugar en novembro de 1962.

Logo da morte de Alfonso Molina, o novo Alcalde Peñamaría de Llano conseguira satisfacer unha vella demanda do Xefe do Estado e a súa dona. Outro elemento máis que o situaba nunha posición de proximidade ás máis altas instancias do poder.

c) Pedro Barrié de la Maza

A carón das autoridades municipais traballaba o entramado empresarial local encabezado por Pedro Barrié de la Maza, que acompañaba ó sector máis político na tarefa de estreitar a relación entre Franco e a cidade herculina. Pedro Barrié era un dos propietarios do Banco Pastor, tiña establecido lazos de complicidade con Franco nos anos da II República e xa nos anos da guerra civil tivera un papel protagonista no irregular proceso de ‘doazón-compra’ do Pazo de Meirás polo Caudillo. Coa victoria

³⁶ Archivo General de Palacio, Gobierno del General Franco, Fondo de la Casa Civil del Jefe del Estado, Documentación relativa a propiedades, Leg. 3416.

³⁷ Id.

dos sublevados na guerra os investimentos industriais de Barrié foron en aumento e abrangueron dende o sector eléctrico (FENOSA) até os estaleiros (ASTANO), pasando por toda unha serie de sectores chave na economía galega. A estreita relación entre Barrié e Franco consolidouse coa presenza veraniega de Franco en Meirás e mantívose todo o período. Na década de 1950 atopábase plenamente consolidada e en 1955 lle fora concedido ao banqueiro o título de Conde de FENOSA.

3. Orixes e motivacións da iniciativa. Proceso de adquisición e inscrición do inmovible

Detección e localización dos procedementos empregados entre os anos cincuenta e sesenta ata a compravenda por Pedro Barrié de la Maza e a súa cesión posterior a Carmen Polo

A historia do proceso empregado para a adquisición do inmovible ten unha longa traxectoria. Xa vimos de ver o contexto en que se produce nas páxinas anteriores: a situación do edificio e do solar, a dedicación que tiña e o seu estado de abandono paulatino, xunto á relación cada vez máis estreita da familia Franco coa cidade da Coruña, no entorno do goberno de dous dos seus Alcaldes máis lonxeiros no cargo. O edificio atópase a cargo da Dirección General de Bellas Artes, que ten nestes anos tres responsables: Juan de Contreras y López de Ayala, Marqués de Lozoya (agosto de 1939-xullo de 1951), Antonio Gallego Burín (xullo de 1951-febreiro de 1961) e Gratiniano Nieto Gallo (febreiro de 1961-maio de 1968).

As peticións para que a Dirección General de Bellas Artes adquira o edificio comencan a finais da década dos corenta con Alfonso Molina como Alcalde, en comunicación con José Ibáñez Martín, Ministro de Educación Nacional, que activa os trámites³⁸. En 1948 José Seijo Rubio, Director do Museo Provincial de Belas Artes tiña proposto ao Concello a compra da Casa Cornide, diante da vontade dos propietarios de vender o edificio. Seijo Rubio propoñía que o concello puidera aloxar alí algunha instalación municipal, como a biblioteca pública³⁹.

No inicio de 1949 culminaron os trámites necesarios para a adquisición do inmovible a Carmen Vázquez Pardo⁴⁰, e o día 14 de xaneiro de 1949 publicábase no *BOE* a orde que aprobaba o expediente de compra pola cantidade de 339.000 pesetas do número 25 da rúa Damas, incluído tamén un solar contiguo de 70 metros cadrados na rúa Veeduría número 7. O solar da rúa Damas constaba de baixos, entrechán, dous pisos altos e faiado, con paredes na súa maioría de granito⁴¹. O destino inicial do edificio era converterse no novo 'Conservatorio de Música y Declamación'. Esta operación de compra foi autorizada ao mesmo tempo que a adquisición dun edificio no número 10 da rúa San Carlos para a instalación do Arquivo e Biblioteca de Galicia. Alí foi instalado o actual Arquivo do Reino de Galicia⁴².

A sinatura da conformidade do Ministro Ibáñez Martín, segundo indica o *BOE* correspondente, estampouse o derradeiro día do ano 1948. Cinco días despois, antes de ser publicado definitivamente no *BOE*, recibíuse no Concello un telegrama do Ministro informando que aprobaba a compra deses dous edificios: un para a Biblioteca-Arquivo e outro para Conservatorio. Molina convocou inmediatamente á prensa para informar deste telegrama: 'Es un espléndido regalo de Reyes para La Coruña'⁴³.

Na reunión municipal seguinte do 16 de xaneiro de 1949, Alfonso Molina volveu agradecer o traballo de Ibáñez Martín: 'habló del homenaje que La Coruña va a rendir

³⁸ *La Noche*, Santiago de Compostela de Compostela, 20/10/1948. *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela de Compostela, 29/12/1948.

³⁹ Casabella López, X.M.; *Informe sobre a Casa Cornide*, Real Academia Galega de Belas Artes, A Coruña, 2018.

⁴⁰ Existe unha referencia a unha posible venda anterior por parte de Carmen Vázquez Pardo, o 17 de xaneiro de 1904. A fonte non indica a procedencia da información, mais semella pouco probable que a venta tivera lugar nesa data, pois a edificación é considerada parte da herdanza do seu pai Antonio Vázquez Queipo, que morreu nunha data posterior, en 1911; en Casabella López, X.M.; *Informe sobre a Casa Cornide*, Real Academia Galega de Belas Artes, A Coruña, 2018. Por outra banda, a transacción de 1949 foi recollida polo *BOE* e parece ofrecer poucas dúbidas; en *BOE*, 14/01/1949.

⁴¹ Segundo cita Martín Ossorio, Héctor Quiroga, en entrevista realizada o 24 de maio do 2018, que a pedra utilizada procedía do antigo hospital municipal; en Martín Ossorio, F.; (2020), *Alfonso Molina Brandao*, op. cit., p. 435, nota 1005 (en prensa).

⁴² *Boletín Oficial del Estado*, Madrid, 14/01/1949.

⁴³ Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao*, op. cit., p. 283 (en prensa).

al Ministro de Educación Nacional, poniendo de relieve la deuda de gratitud que la capital tiene contraída con el señor Ibañez Martín, por expreso deseo del ministro el homenaje tendrá carácter íntimo'. O Alcalde e dous tenentes de Alcalde trasladaríanse a semana seguinte a Madrid para entregarlle unha placa nomeándoo 'Hijo adoptivo de La Coruña'⁴⁴. O día seguinte, 17 de xaneiro, o notario da Coruña José Roan Tenreiro, autorizaba a escritura de compravenda, co Director do Conservatorio da Coruña, Horacio Rodríguez Nache 'con facultades suficientes' para efectuar esta adquisición de fincas a favor do Estado español e do Ministerio de Educación Nacional⁴⁵. A homenaxe que se lle facía ó Ministro era algo normal nuns anos nos que os trámites podían ser moi longos, xa que dependían sobre todo non tanto dos prazos establecidos senón da aplicación práctica dos mesmos, algo que caracterizou toda a executoria do réxime franquista.

Os tempos que seguiron foron un período marcado polas visitas de diversas autoridades relacionadas co novo destino decidido para o edificio: o primeiro foi o propio Ministro de Educación, que, en setembro de 1949, devolvía a visita realizada polo Alcalde a Madrid⁴⁶.

Porén, ata practicamente dous anos máis tarde non volverá a tomar vida o proceso. A finais de novembro de 1951 consígnanse en acta as consecucións da viaxe a Madrid de Alfonso Molina, atopándose cos Ministros de Educación Nacional e do Exército –para a construción de diferentes grupos escolares e da nova Fábrica de Armas–, pero tamén co Director General de Bellas Artes, Antonio Gallego Burín, que acababa de tomar posesión do seu cargo uns meses antes, en xullo dese mesmo ano. Con el conseguiu, segundo se indica nas actas do pleno municipal, a consignación urxente dun orzamento para a construción do Conservatorio de Música⁴⁷.

Todo isto enmarcábase dentro da planificación de expansión da cidade coa intención de crear ese 'Museo do Mundo Céltico' ou a 'Casa de América', que contarían tamén ben cedo cos seus proxectos. Neste pleno, se ben no caso da construción do 'Archivo de Galicia' se indicaba a elaboración dun estudo, non era así no caso do Conservatorio, para o que xa contaban cun proxecto, asinado precisamente nese mesmo mes de outubro, sen data precisa.

Neste proxecto do Conservatorio na Rúa Damas, asinado polo arquitecto Peregrín Estellés, falábase desa reforma do 'edificio que actualmente ocupa el Centro Cultural de Santo Tomás de Aquino'. Na Memoria inicial, indicábase que fora autorizado pola Dirección General de Bellas Artes para a redacción de este proxecto de adaptación do edificio 'situado en esta ciudad en la calle de Damas Nº 25 y Veeduría 5, con destino a Conservatorio de Música y Declamación'. Dise que o edificio principal

es de construcción antigua y sus medianerías, entramados horizontales e inclinados de cubierta, tabiquería, pavimentos y carpintería tanto exterior como interior, se hallan en muy mal estado, no respetando por estas razones así como por la necesidad de la nueva distribución, nada más que las fachadas con las reparaciones imprescindibles, derribando en su totalidad el almacén y construyendo su fachada de cantería labrada con la misma cornisa y decoración de la que respetamos.

⁴⁴ 'Sesión Municipal. El plan de alineaciones fue aprobado'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16/01/1949.

⁴⁵ Abad Pardo, A.; Anexo, páx. 49.

⁴⁶ *La Noche*, Santiago de Compostela, 13/09/1949.

⁴⁷ Citado por Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao*, op. cit., p. 586, nota 1195 (en prensa).

Tanto o almacén lindeiro –só de planta baixa sen distribuír- como a planta do semisoto, erab de construción moi lixeira, no último caso cun ‘muro de mampostería con un mal mortero de cal’. Debido a isto, todas as reformas dos entramados, tanto verticais como horizontais, así como as rampas de escaleiras, proxectábanse en formigón armado.

A distribución quedaría en tres plantas –baixa, primeira e segunda-. Segundo este proxecto de adecentamento, a planta baixa sería a base de distribución de dependencias públicas e privadas, cun amplo vestíbulo desde o que se accede á Dirección, Sala de Profesores, Biblioteca e Secretaría. A primeira conformaríase desde o acceso dunha ‘amplia escalera’ cara catro aulas de variado tamaño, e na segunda estableceríase a sala de espectáculos, ‘disposición que nos hemos visto obligados a adoptar para poder colocar el mayor número de localidades’. A rede de saneamento, en mal estado, cambiaríase por unha nova en tubería de gres. O orzamento total sería de pouco máis dun millón cen mil pesetas da época⁴⁸.

Despois da consecución do solar e a presentación do proxecto, o certo é que atopamos anos de practicamente silencio sobre este tema. Non sabemos se as visitas constantes da familia Franco á cidade –especialmente de Carmen Polo, moitas veces acompañada da filla– puido provocar certo cambio de parecer no destino deste solar, xa que catro anos máis tarde as perspectivas respecto de reformar a ‘Casa Cornide’ co obxectivo de crear un Conservatorio alí cambian, e búscase un emprazamento mellor para este fin. O que si temos coñecemento é de certos rumores que circulaban pola cidade no senso de que Carmen Polo lle tería comentado un día, do que non sabemos lxicamente a data, ao Alcalde Alfonso Molina saíndo da Colexiata ‘que Paco decía que quería retirarse en este edificio’⁴⁹. Unha impresión e un rumor que ben puido ser construído *a posteriori* dos feitos, e que a presenza practicamente inexistente de Franco nese edificio tras a súa adquisición pode desbotar.

O que si temos constancia é de que o proxecto de reforma pretendido desvirtuaría totalmente a identidade no edificio, sobre todo desde a perspectiva de engadir unha especie de ‘altillo’, ó xeito do que se fixo no agora denominado edificio do Consulado⁵⁰. O mesmo Chamoso Lamas, responsable do Patrimonio Artístico do noroeste (León, Asturias e Galicia)⁵¹, nunha carta enviada pouco tempo antes da poxa, xustificaba tamén deste xeito a paralización do proxecto:

⁴⁸ *Asciende el presupuesto de ejecución material a la cantidad de Pesetas 1.153.848'77, el de Contrata a Pesetas 1.153.848'77 y si la obra se realizase por administración 1.028.891'28. Los honorarios de Arquitecto por formación de proyecto se elevan a la cantidad de pesetas 7.928,34 y por Dirección facultativa a la de 7.928,34, siendo los honorarios del Aparejador 4.756'99 pesetas; 'Proyecto de Conservatorio de Música y Declamación para La Coruña. La Coruña, octubre de 1951', en Archivo General de la Administración, Sección Educación, Caja (05) 1.16. Legajo 20431.*

⁴⁹ Tras conversa rexistrada a Manuel Sánchez Salorio, en febreiro do 2017; en Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao*, op. cit., p. 435, nota 1005 (en prensa).

⁵⁰ ‘Hay pruebas suficientes para que la petición BIC para la Casa Cornide prospere’; declaración de Alfredo Vigo Trasancos sobre o Informe BIC; *La Opinión de A Coruña*, 26/06/2020.

⁵¹ Manuel Chamoso Lamas foi nomeado en 1945 Comisario da ‘I Zona del Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico’, e dende 1967 foi Director do Museo das Peregrinacións en Santiago de Compostela. No ano 1977, na reestructuración do Ministerio de Cultura feita por Pio Cabanillas foi nomeado tamén Subdirector General do Patrimonio Artístico.

Hecho el proyecto de reforma del edificio, se vió que faltaba el espacio necesario para dicho fin, por lo que habría que añadirle pisos, lo que desnaturalizaría por completo la belleza y carácter arquitectónico del viejo palacio, por cuyo motivo se desistió de realizar la obra⁵².

O que si é certo é que nestes anos algo debeu mudar porque o lugar no que instalar o Conservatorio, dentro do proxecto de desenvolvemento da cidade, cambia. E faise desde o enfoque característico de Alfonso Molina: grandes proxectos para unha grande cidade. O mesmo Concello toma cartas neste asunto propugnando na sesión do 29 de xullo de 1954 a rehabilitación de Antonio Tenreiro Rodríguez como arquitecto municipal. Antonio Tenreiro, de recoñecido prestixio, se lle rehabilita en sesión municipal e co apoio dun Alcalde Alfonso Molina no cume da onda mediática e de influencia. Nesta sesión, mesmo deixou unhas verbas de agradecemento:

Dijo que, sin prejuzgar la decisión a adoptar, quería resaltar la buena colaboración prestada por el Sr. Tenreiro al Ayuntamiento en su calidad de arquitecto al servicio del Ministerio de Educación Nacional, cooperando eficazmente con la redacción de los proyectos de la Escuela de Náutica y la Escuela de Bellas Artes. Y añadió que manifestaba con ello su amor a la ciudad algo que era de justicia destacar⁵³

Antonio Tenreiro, fora expedientado nos anos da guerra civil -13 de novembro de 1937- por, entre outras cousas, ser irmán do deputado de ORGA-IR Ramón María Tenreiro. Porén, mantiña o seu estudo de arquitectura no mesmo edificio do Banco Pastor, xa que era curmán do mesmo Pedro Barrié. Aprobouse o retorno ao escalafón por unanimidade na sesión municipal do 25 de agosto dese mesmo ano, recoñecéndolle integramente a súa antigüidade⁵⁴. Era evidente que a relación Molina-Barrié xurde constantemente nestes anos, apoiados na referencia constante dun Francisco Franco amigo de confianza do banqueiro desde antes do golpe militar⁵⁵.

Resulta curioso constatar como neste proceso as accións administrativas a nivel local teñen lugar maioritariamente no verán, cando se atopan os Franco en Meirás, pero tamén cando a repercusión mediática dos feitos é menor, aproveitando datas ben curiosas...

E, por qué traemos a este Informe a Antonio Tenreiro? Porque vai ser o encargado de realizar o Proxecto de Conservatorio no novo emprazamento. De feito, aínda que o proxecto será asinado finalmente en marzo de 1955, na sesión onde se propuxo a súa rehabilitación xa vimos que o Alcalde agradece os seus traballos da Escola de Náutica como da Escola de Belas Artes.

No novo proxecto de Tenreiro se indican na Memoria as bondades do Conservatorio, retrotraendo a súa creación a 1936, aínda que desde 1942 con carácter

⁵² Carta do 29 de marzo de 1962; citada por Francisco Prado-Vilar, en 'Así fueron las maniobras de Franco para lograr hacerse con la Casa Cornide'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29/06/2020.

⁵³ Idem, pp. 689.

⁵⁴ Idem, pp. 690..

⁵⁵ A Condesa de Fenosa, nunha entrevista no ano 1988, abordaría a cuestión da amizade entre o seu defunto marido e o Caudillo: *La de ellos era una vieja amistad que se remontaba a los años veinte [...]. Franco lo tenía en consideración y lo quería porque le decía las cosas como eran [...]. Esa amistad se mantuvo porque se querían muchísimo*; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15/12/1988.

de centro oficial de ensino dependente do Ministerio de Educación Nacional. As necesidades do cambio de emprazamento semellan ser de espazo:

526 alumnos en el curso último justifica, si ello fuera necesario, el acierto de su creación y la necesidad de dotar ahora este Centro de un edificio propio adecuado y de nueva planta, que no solamente sea el recinto de la enseñanza de la música y de la declamación (con este doble carácter fue creado y funciona este centro) sino que también dotándolo de una capaz sala de Conciertos y Teatro, cumpla al propio tiempo la finalidad no menos importante de poder ofrecer a las masas populares, y no con finalidades de empresario, como tiene que suceder en los Teatros de Empresa, sino con un carácter de exclusiva divulgación artística, conciertos y espectáculos de arte puro que contribuyen a crear y elevar el ambiente cultural de la Coruña y por lo tanto en Galicia...

En la actualidad este conservatorio, que cuenta con una materia prima admirable –una masa de alumnos que se acrecienta de año en año y que se incrementará el día que estén debidamente instalados, y un profesorado entusiasta y eficiente, en el que figuran los más destacados valores artísticos coruñeses-, está ahora ayuno de todos los medios materiales⁵⁶.

Para esta ampliación e perspectivas o emprazamento cambiaba. Trasládouse ó lugar de ‘Figueiras’, en terreos achegados a San Roque cedidos polo Concello, e nos que se proxectaba a creación de boa parte dos espazos educativos da cidade. Concretamente, esta zona denominábase neste proxecto ‘Ciudad Cultural Generalísimo Franco’, na que ‘se encuentran ya construídos los espléndidos y modernos edificios de otros centros docentes, como son, Escuela Superior de Comercio, Escuela Normal de Magisterio, Instituto masculino de Enseñanza Media y Escuela de Náutica y Máquinas’.

O edificio do Conservatorio situaríase en fronte a unha ‘amplia Plaza en proyecto (aún sin nombre)’ de aproximadamente 80 metros de largo por 60 de fondo. A superficie total do proxecto estimaba a utilización de ‘3.692 mtrs.² de terreno de los cuales 1.708,16 mtrs² corresponden al edificio y 1.983,84 mtrs² a accesos exteriores y aislamiento alrededor del mismo...’, cun total de superficie de pouco mais de catro mil metros cuadrados, sen ter en conta a cimentación nin cubertas nin terrazas nin a zona urbanizada diante do edificio.

A presenza do novo edificio era acorde cos novos tempos. Íase construír unha escalinata central de oito metros e medio de ancho de sillaría de granito inserta entre dous pedestais tamén de pedra. Estes, ‘que sostendrán las estatuas simbólicas de la ‘Música’ y la ‘Declamación’, completan la perspectiva de la fachada principal que dentro de la mayor sencillez de líneas se ha buscado darle un cierto carácter solemne en armonía con el destino del edificio’. O custe das obras non tiñan nada que ver coas cifras do anterior proxecto na Casa Cornide: en total, más de sete millóns seiscientas mil pesetas⁵⁷.

Coas perspectivas do novo Conservatorio a Casa Cornide quedaba libre para a súa ocupación doutro xeito, baixo o control da Dirección de Belas Artes, que observaba

⁵⁶ ‘Proyecto de Conservatorio de Música y Declamación en La Coruña, marzo de 1955’, en Archivo General de la Administración, Sección Educación, Caja (05) 1.16. Legajo 20431.

⁵⁷ ‘Proyecto de Conservatorio de Música y Declamación en La Coruña, marzo de 1955’, en Archivo General de la Administración, Sección Educación, Caja (05) 1.16. Legajo 20431.

como o edificio ia camiño dun notable deterioro. Utilizábase como salón das actividades do 'Centro Cultural de Santo Tomás de Aquino'⁵⁸ e para algunha outra reunión de entidades, por exemplo do Centro Jaimista, que deixara de empregar o edificio desde aquela afastada primeira etapa na década de 1910⁵⁹, pero o deterioro interior tiña que ser evidente.

Un par de anos máis tarde, o 2 de agosto de 1957, atopábase na Coruña de visita o Director General de Bellas Artes, Antonio Gallego Burín, que falou da edificación dese novo local para o Conservatorio. Acompañado na súa visita polo Comisario General do Patrimonio Artístico Nacional, Francisco Íñiguez e o Comisario Regional Manuel Chamoso Lamas. Despois de visitar a igrexa de Santa María de Cambre, dirixíronse directamente co Alcalde Alfonso Molina ao Museo Provincial e á 'zona monumental' da Cidade Vella, 'deteniéndose especialmente en la Colegiata de Santa María, en donde se han verificado importantes obras de restauración y conservación'. Logo, tras a visita ás escavacións de Elviña retornou á cidade a última hora da tarde para unha xuntanza con comisións de centros docentes, e 'entre otras recibió al claustro de profesores del Conservatorio de Música y Declamación de La Coruña, para cuyos servicios se pretende conseguir la construcción de un edificio propio'⁶⁰. É evidente que o Director General estivo 'in situ' diante da Casa Cornide e a construción dun edificio novo precisaba da obtención de fondos que se pretendía acadar tras esta visita. Curiosamente non aparece na relación de prensa a visita ao lugar no que se pretendía construír ese novo Conservatorio, quizais unha postura máis lóxica que a visita do antigo que non cumpría esa perentoria necesidade de dar cabida a un alumnado saturado, segundo se indica na Memoria do proxecto,.

O verán seguinte acelérase o proceso. O 4 de setembro de 1958 chega a familia Franco ao Pazo de Meirás⁶¹. Poucas datas máis tarde, o 15 de setembro, ten lugar a visita acostumada da corporación municipal á residencia de verán do Xefe do Estado. Tras chegar pola mañán, xantaron nesa mesma data no Pazo xunto a outras personalidades⁶². Nesa tarde tivo lugar un Pleno do Concello no que se aprobou a proposta de taxación dos terreos convidados e dispostos para a construción do Conservatorio de Música. A diferenza entre unha e outra valoración –a do terreo e a do edificio da rúa Damas– restaba unha cantidade de 8.067 pesetas a favor do Concello, e que se consideraría como 'aportación del Excmo. Ayuntamiento a la construcción en el solar de que se trata del mentado Conservatorio de Música y Declamación'. O Alcalde quedou totalmente facultado para os pagos e permutas de terreos necesarios e o Ministerio sería o encargado da súa construción⁶³. O máis curioso de todo é que semella algo premonitorio este acordo: este sería o último pleno

⁵⁸ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 02/06/1985.

⁵⁹ *La Noche*, Santiago de Compostela, 08/01/1952, 02/04/1959. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 02/12/1962.

⁶⁰ *El Progreso*, Lugo, 03/08/1957.

⁶¹ *La Noche*, Santiago de Compostela, 04/09/ 1958. De feito, xa estiveran en datas anteriores deste ano, dentro dunha visita realizada por Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Muxía realizada por Carmen Polo e a súa filla; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 25/03/1958.

⁶² *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16/09/1958.

⁶³ Arquivo Municipal da Coruña, Acuerdo Pleno Concello da Coruña, Sesión Ordinaria, 15/9/1958, Libro de Actas, C-2289.

presidido por Alfonso Molina. Antes da súa morte en Brasil en novembro, o Alcalde Molina non asistira aos plenos dos dous meses previos por atoparse de viaxe⁶⁴.

A morte de Alfonso Molina foi un auténtico golpe para a cidade. Tanto pola natureza do seu falecemento como polo vínculo tan estreito que ó longo do tempo cimentara entre a súa figura persoal e a cidade. Boa parte dos proxectos establecidos nestes anos cincuenta, nos que a precariedade dos recursos era notable, foron realizados a partir dos anos sesenta coa aplicación dos 'Planes de Desarrollo'.

Entre todos estes proxectos ideados por Molina tamén se atopaba achegar máis á familia Franco á cidade, mesmo en temporadas non estivais. De feito, cada vez era máis frecuente ver na Coruña a Carmen Polo, as súas irmáns e mesmo á súa filla. Nunha carta de Chamoso Lamas informando pouco tempo antes da poxa de 1962 das súas pescudas na cidade para habilitar un local axeitado para o Museo Arqueolóxico, indicaba expresamente a intención do Concello no que respecta á casa Cornide, cunha alusión clara ó 'viejo Ayuntamiento' dirixido por Alfonso Molina: 'Entonces el viejo Ayuntamiento de La Coruña quiso adquirirla para regalársela a la esposa de S.E. el Jefe del Estado, y propuso una permuta de unos solares a cambio de ella'⁶⁵.

O sucesor de Alfonso Molina na Alcaldía, Peñamaría de Llano, converterase no vehículo transmisor da relación dos Franco no seu tempo de estadía estival. E incluso máis aínda, debido ás cada vez mais frecuentes visitas de Carmen Polo á cidade, como vimos. A liña de continuidade será evidente entre os dous Alcaldes. Non podía ser menos neste proceso, se ben Peñamaría foi quen de acelerar estes trámites.

A primeira visita de protocolo que o novo alcalde realiza a Madrid, para reunirse con varios Ministros, ten lugar a comezos de maio de 1959, acadando un compromiso coa finalización do aeroporto de Alvedro, pero tamén para ese presente localizado no tráfico de personalidades influentes no verán herculino⁶⁶. Entre novembro de 1959 e marzo de 1960, o Alcalde desprázase dúas veces a Madrid para falar cos Ministros de novo, pero nestas viaxes só se menciona explicitamente a visita realizada ó Ministro de Gobernación⁶⁷, con quen xa falara na súa estadía pasada en setembro de 1959 no transcurso do veraneo de Franco en Meirás⁶⁸. Mentres tanto, as referencias ao local que nos ocupa son inexistentes: hai o proxecto de construción do Conservatorio e o Concello ten o local da Rúa Damas. Curiosamente nestes comezos dos anos 60 semella que hai certa actividade no mesmo, e vinculado non ao Conservatorio antigo, senón ao Centro Jaimista.

O 18 de novembro de 1959 noméase un novo Delegado Provincial de Facenda: José María Romero Antolín, procedente de Ciudad Real, onde se atopaba de Gobernador Civil cunha carreira ascendente José Utrera Molina. Poucos días máis tarde, o 23 de xaneiro de 1960, noméase como Director General do Patrimonio do Estado a Juan Sánchez-Cortes y Dávila. Alto dirixente da ACNP, semella xogar un relevante papel no proceso, xa que é Patrimonio do Estado quen ten que xestionar os trámites desta permuta de bens e cedelos ó Concello herculino. Nunha 'Cartas al Director' de *La Voz de Galicia*, xa do ano 1977, menciónase este feito de xeito moi

⁶⁴ Martín Ossorio, F.; *Alfonso Molina Brandao*, op. cit., p. 794 (en prensa).

⁶⁵ Carta do 29 de marzo de 1962; citada por Francisco Prado-Vilar, en 'Así fueron las maniobras de Franco para lograr hacerse con la Casa Cornide'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29/06/ 2020.

⁶⁶ Pouco tempo antes desta viaxe, en abril de 1959, Carmen Polo achegouse á Coruña, acompañada polas súas irmás e por Serrano Suñer; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 08/04/1959, 10/04/1959.

⁶⁷ *La Noche*, Santiago de Compostela, 10/11/1959.

⁶⁸ *El Progreso*, Lugo, 12/09/1959.

directo: ‘Esto fue posible, gracias a una orden del Patrimonio del Estado –eran ministros Jesus Rubio García-Medina (Educación Nacional) y Mariano Navarro Rubio (Hacienda)’⁶⁹. Sánchez-Cortés atópase nesta Dirección General ata o 7 de outubro de 1961. O ano seguinte, no momento en que se verifica a poxa, convértese en Subsecretario del Ministerio de Hacienda.

Coa chegada do verán –e dos Franco–, a finais de agosto de ese mesmo 1960, Sergio Peñamaría publicita o plan integral de transformación da cidade: abastecemento de auga; mellora do Porto e da fachada portuaria, Riazor, Orzán; ampliación de liñas de autobús; unha rede integral de urbanización da cidade cara ás aforas; a concreción final da terminal de Alvedro nunha duración aproximada dun ano...⁷⁰. De novo, a principios de setembro faise constar pola Comisión Permanente do Concello en acta a satisfacción deste Ayuntamiento pola estada de Francisco Franco e da súa muller en Meirás, polo que ‘sufragara una comida para los pobres de esa capital’⁷¹. A *Hoja Oficial del Lunes* saudaba a chegada de Franco a Meirás nunha editorial de primeira páxina deste xeito:

La Coruña, particularmente, espera con anhelo estos días veraniegos en que el interés general de España se centra en nuestra ciudad. Porque la presencia del Caudillo, de los Ministros y de otros altos dignatarios de la nación transforma un poco a la urbe en capital del país. Aquí se forja como una comunidad de aspiraciones o de sentimientos. Y Franco vuelve hasta aquí para conocer sobre el terreno nuestras principales necesidades y para tratar de buscarles la mejor solución.

Así es como su estancia en las Torres de Meirás despierta siempre el más vivo interés. Porque sabemos que no se trata de una simple visita protocolaria, sino de una presencia viva y actuante, que, sin duda alguna, habrá de traducirse en realizaciones fecundas y duradera⁷².

Un Franco ‘veciño’. Acostumado ano tras ano a considerar esta unha cidade especial. Como de costume, o Concello ofreceulle ós Franco unha comida de gala o día 10 de setembro. Foron saudados na súa visita con bombas de palenque e rematou a cea con lumes de artificio que foron vistos desde o balcón municipal⁷³. Semellaban unhas segundas festas de verán.

Dentro deste proceso de cambio ‘integral’ da cidade, os aspectos ligados ao Ministerio de Educación tomaron un peso importante. Xa non era só a proxección dese Conservatorio na que se denominaría proximamente ‘Cidade Escolar’, senón que tamén na parte traseira do que hoxe é o Instituto Femenino da Praza Pontevedra, lindeira coa liña de costa, erguéronse nos meses seguintes as arcadas desa sección. Poucos días despois desta nova, indicábase que o espazo entre as arcadas e o centro docente sería ofrecido ao Ministerio de Educación para a ampliación do Instituto⁷⁴.

⁶⁹ ‘Coruña. Subvenciones, orquestas, Conservatorio, terrenos y deportes’, asinado por Xoan M. Carreira; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 23/09/1977.

⁷⁰ *La Noche*, Santiago de Compostela, 27/08/1960.

⁷¹ *La Noche*, Santiago de Compostela, 03/09/1960.

⁷² *Hoja Oficial del Lunes*, A Coruña, 05/09/ 1950.

⁷³ *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11/09/1960.

⁷⁴ *La Noche*, Santiago de Compostela, 07/10/1960.

O 28 de novembro de 1960 Carmen Polo de Franco chega á Coruña de novo acompañada por Ricardo Catoira, aloxándose no acostumado Hotel Embajador⁷⁵. Peñamaría de Llano segue tamén en contacto con Madrid, xa que se despraza en dúas ocasións nun período de dúas semanas, entre mediados de abril e principios de maio de 1961. A primeira das visitas tivo como motivo a asistencia obrigrada ás Cortes, en representación da Alcaldía da cidade. Na segunda, aduciuse como motivo 'que se desplaza a la capital de España al objeto de gestionar la tramitación de diversos asuntos relacionados con nuestra población'⁷⁶.

O novo Plan de Desenvolvemento para a cidade anúnciase nos primeiros meses de 1962. Hai un elemento chave: a concesión en febreiro de 1962 da Refinería de Petróleos a emprazar en Bens, a escasos tres quilómetros da cidade. Esta concesión significaba un salto significativo para A Coruña non só no emprego e postos de traballo, senón tamén no incremento de actividade, especialmente no sector portuario. Semella que na propaganda local retornamos tras décadas á imaxe da 'ciudad sonrisa' de comezos de século por esta concesión: estímase máis de mil postos de traballo directos na construción da Refinería e a previsión dun incremento notable da renda per cápita da poboación da cidade. Cualificábase este 'empujón' como o 'más importante en la historia de nuestra provincia'⁷⁷. De xeito inmediato, o pleno municipal agradeceu a Francisco Franco e ao Ministro de Industria a súa gratitude por esta concesión. No mesmo pleno leuse un telegrama da Jefatura del Estado no que Franco agradecía 'su amable telegrama' e enviaba un saúdo 'extensivo a toda esa Corporación y vecindario'⁷⁸. Poucos días máis tarde, a mediados de marzo, achegábase de novo Carmen Polo e a súa filla, aloxándose de novo no Hotel Embajador⁷⁹.

Tamén é interesante salientar que é neste intre cando Peñamaría de Llano acuña aquel lema de 'La Coruña la ciudad donde nadie es forastero', o que podemos encadrar con esta conciencia xeral de que a cidade se transforma nun destino de veraneo, reforzado pola presenza do Caudillo e Carmen Polo.

Tampouco sabemos se tería unha relación estreita ou non co tema que nos ocupa, pero o certo é que o 17 de abril deste 1962 renuncian aos seus postos na Corporación municipal cinco concelleiros: Sanchez Salorio, Pérez Cepeda, Sanz de la Helguera, Bescansa Aler y Fraga Solar. Na sesión deste último pleno para eles nin sequera se abordou este tema, pero ao final da sesión un tras outro solicitaron o relevo nas súas funcións por 'motivos de exceso de quehacer profesional que le impiden atenderlo convenientemente'. O Alcalde lles indicou que este asunto non era competencia do Pleno, e si da Alcaldía, e que esta 'tomaría las decisiones oportunas'⁸⁰.

A poxa: xullo-agosto de 1962

⁷⁵ *La Noche*, Santiago de Compostela, 28/11/1960.

⁷⁶ *La Noche*, Santiago de Compostela, 03/05/1961.

⁷⁷ *El Progreso*, Lugo, 27/02/1962.

⁷⁸ *El Pueblo Gallego*, Vigo, 01/03/1962.

⁷⁹ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21/03/1962; *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21/03/1962.

⁸⁰ *La Noche*, Santiago de Compostela, 17/04/1962.

Nos primeiros días do ano 1962 as intencións da Alcaldía respecto da Casa Cornide son ben evidentes, segundo consta na carta que lle envía o responsable do Patrimonio Artístico na zona noroeste, Chamoso Lamas, ao Director General de Bellas Artes, Gratiniano Nieto. O primeiro atópase na procura dun local axeitado para o Museo Arqueolóxico da cidade, e sondea posibles localizacións: 'Un par de días después de mi visita a Madrid pude hablar un momento con el Alcalde de La Coruña y preguntarle abiertamente que pasaba con la casa de Cornide. Me contestó que si la necesitaban y que no contásemos con ella'⁸¹. Chamoso citaba tamén neste carta que 'al parecer, hay CIERTOS IMPEDIMIENTOS que imposibilitan la resolución'⁸². Pero a situación da casa, tras todos estes viaxes, era de absoluto abandono e deterioro, interno e externo:

Mientras tanto la casa está en el más completo abandono, llenándose de goteras, destrozándose con el viento las contras de los balcones, que están abiertas, se ha roto ya todos los cristales, y está sirviendo de basurero a la vecindad, que arroja por las ventanas de la planta baja sus desperdicios al interior del edificio, y de seguir así será bien pronto una lamentable ruina tan hermosísimo edificio.

Reclamaba de xeito urxente unha resolución enérxica do Estado respecto deste tema:

Sería, pues, conveniente enterarse del estado en que se halla el expediente de permuta, y si ésta no puede realizarse, es de urgencia que el Ministerio de Educación vuelva a reclamar la propiedad de la casa, en cuyos locales se podía instalar convenientemente el Museo Arqueológico de esta ciudad⁸³.

Chamoso atendía á súa intención de procurar un solar axeitado para o Museo Arqueolóxico, pero tamén insistiu na necesidade de que o Ministerio indagara acerca das intencións reais do Concello respecto deste tema. Non temos constancia de si esta información provocou ou non un cambio na actitude do Ministerio, pero é o 23 de marzo deste ano cando o Ministerio aproba definitivamente a permuta dos solares, tras a petición formulada pola Alcaldía do Concello da Coruña... do 5 de decembro de 1957!. Cinco anos despois resólvese definitivamente esta permuta de terreos coa aprobación da Dirección General do Patrimonio do Estado e coa conformidade coa Dirección General de Bellas Artes⁸⁴. O proceso, ata ese intre como xa vimos demorado no tempo, acelérase: a permuta dos dous solares entre Concello e Ministerio de Educación foi escriturada publicamente en data do 22 de xuño de 1962, na notaría de D. Manuel Otero Peón, valorada definitivamente en 344.813 pesetas⁸⁵.

Poucos días máis tarde, ás 19 horas e cincuenta minutos do día 3 de xullo de 1962 iniciase unha sesión extraordinaria do Concello da Coruña baixo a presidencia do Alcalde Sergio Peñamaría de Llano. Nos puntos da orde do día a 'enajenación mediante subasta pública [...] del edificio de propiedad municipal adquirido en permuta al Ministerio de Educación Nacional, denominado de 'Los Tomasinos''. Neste acordo,

⁸¹ Carta do 29 de marzo de 1962; citada por Francisco Prado-Vilar, en 'Así fueron las maniobras de Franco para lograr hacerse con la Casa Cornide'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29/06/2020.

⁸² En maiúsculas no orixinal; idem.

⁸³ Idem.

⁸⁴ 'Permuta Estado Español y Ayuntamiento de La Coruña', do 22 de xuño de 1962, Número 1311, Archivo General de Protocolos de A Coruña.

⁸⁵ Abad Pardo, A.; Anexo, páx. 50.

aceptado por unanimidade da corporación, aprobáronse os pregos de condicións da poxa e ademais engadíronse ‘dos especiais’:

1. Teniendo en cuenta la necesidad artística de conservar el conjunto urbano en que la finca se haya enclavada, así como el ambiente tradicional, no se podrá realizar en la finca objeto de venta, ninguna transformación sin la previa autorización del ayuntamiento, quien al concederla o denegarla actuaría con absoluta discrecionalidad, sin perjuicio de los asesoramientos que estime pertinentes a la vista de los proyectos que presenta el solicitante, y de los datos, planos y maquetas del conjunto que el ayuntamiento solicite, siendo en todo caso de cuenta del solicitante todos los gastos que por ello se ocasionen.
2. El que resulte adjudicatario en la subasta no podrá enajenar la finca objeto de venta ni crear sobre ella derechos reales que lleven aparejada enajenación, durante un plazo de 10 años a contar de la fecha de la escritura de venta que otorgue el Ayuntamiento, salvo que éste a solicitud de dicho adjudicatario y en atención a la persona a cuyo favor se quiera hacer la transmisión, le preste su autorización [...]. ésta podrá liberar al segundo accidente en todas las obligaciones derivadas de la anterior condición⁸⁶

O acordo debería ser posto ademais en coñecemento do Ministerio da Gobernación.

Non hai nin una soa referencia pública o que se fixo nesta sesión do 3 de xullo en relación con esta poxa pública⁸⁷. Non é un dato calquera. Que a familia do Xefe do Estado con todo o que representaba naqueles anos, tomara posesión dun inmovible tan emblemático como ese en plena Cidade Vella, e nun lugar altamente simbólico desde a perspectiva local, que non fora noticia salientable para os medios resúltanos algo sorprendente. A opacidade da información respecto deste tema é ben sintomática e explicativa da mesma natureza e planificación previa do proceso. Ademais sabendo de xeito reiterado, como vimos a comentar nas páxinas anteriores a duración do proceso, e co coñecemento evidente e notorio das autoridades sobre o destino final do inmovible, especialmente desde comezos do ano 1962.

Si temos constancia que o Alcalde Peñamaría estivo en Madrid pouco tempo antes, a mediados do mes de xuño, coa acostumada parquedade de declaracións posteriores a respecto da súa actividade⁸⁸. Resulta obvio que a proximidade das datas lévanos a considerar como posible e lóxico que nas súas conversas en Madrid se falara desta poxa, coñecendo mesmo este segundo apartado específico e singular da operación. Recordemos que esta relación non ten porque establecerse unicamente en Madrid, tendo en conta a crecente frecuencia das viaxes de Carmen Franco á cidade herculina máis alá do verán.

Pero tamén consta que o 9 de xullo Peñamaría de Llano recibiu no palacio municipal a visita de Ricardo Catoira, quen desenvolvía funcións de administrador das propiedades de Franco e era o encargado de administrar, en boa medida, o Pazo de

⁸⁶ Arquivo Municipal da Coruña, Sesión Extraordinaria do 3 de xullo de 1962, Libros de Actas.

⁸⁷ *El Pueblo Gallego*, Vigo, 01/07/1962; *La Noche*, Santiago de Compostela, 05/07/1962.

⁸⁸ *La Noche*, Santiago de Compostela, 16/06/1962.

Meirás. Catoira acostumaba a desprazarse a Meirás canda os Franco, mais nesta ocasión atopábase na Coruña cando menos dúas semanas antes⁸⁹.

Poucos días despois disto, o 24 de xullo de 1962 Franco e a súa muller chegan a Meirás. A difusión da súa visita non ten nada de singular: relatorio de autoridades que os reciben, parada en Lugo, recepción do Gobernador Civil da provincia lucense na fronteira entre Lugo e León, visita á Catedral de Lugo... E chegada a Meirás⁹⁰. Pero nesta ocasión xusto nos días previos a que Barrié adquira en poxa a 'Casa Cornide'. Desde logo, non ten nada que ver con toda a parafernalia propagandística que se construíu no momento da doazón do Pazo de Meirás ao Xefe do Estado en 1938 pola Junta Pro Pazo. Franco atópase en Meirás nas datas en que se fai realmente efectiva esta poxa. Os contactos desde logo posiblemente nin foi preciso telos na cidade, xa que a finca de verán de Barrié atópase escasamente a un kilómetro do mesmo Pazo de Meirás.

Do que si temos constancia é de que en poucos días, o 1 de agosto, un día antes da sesión municipal en que se fai efectiva esta compra por Barrié, Ricardo Catoira lle envía unha carta desde o mesmo Pazo de Meirás ao Subsecretario do Ministerio de Facenda nese momento, Sánchez-Cortés, co seguinte texto, xa reproducido noutras ocasións:

Mi querido amigo:

Tengo el gusto de comunicarte que hoy por fin ha terminado el plazo para la subasta de la célebre casa que tanto deseaba Su Excelencia. Hoy también se reúne el Pleno para adjudicarla a un particular y este venderla a la Señora. Así se lo hemos explicado a Su Excelencia por ser la mejor fórmula ya que de esta forma no se hace una adjudicación de bienes que fueron del Estado al propio Caudillo.

Los señores están encantados porque han logrado el deseo de poder tener una casa en La Coruña, para cuando tenga que desplazarse la Señora no haya necesidad de abrir el Pazo de Meirás que tantas molestias origina por lo grande que es esta Residencia y el número de criados y servidores que se necesita.

Así que mañana Dios mediante ya tendremos la escritura y empezaremos las obras de reforma interior.

Todo esto se debe la preocupación que has tenido de preocuparte personalmente de resolver el expediente y así se lo hice ver tanto al Caudillo como a la Señora, que están muy agradecidos a tu gestión, por los años que se llevaba para resolverse y no tenía fin.

Mil gracias por todo enviándote un fuerte abrazo tu buen amigo que queda a tus órdenes⁹¹.

Varias cuestións indícanse nesta carta:

1. Dirixida ao Subsecretario de Facenda, pero que tiña o cargo só uns meses antes, no momento da permuta, da Dirección Xeral de Patrimonio, e, segundo se indica na carta, era o encargado de resolver o expediente.

⁸⁹ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10/07/1962.

⁹⁰ *El Pueblo Gallego*, Vigo, 24/07/1962.

⁹¹ Archivo General de Palacio, Gobierno del General Franco, Fondo de la Casa Civil del Jefe del Estado, Documentación relativa a propiedades, Leg. 3416. Publicada en Babío Urkidi, C., Pérez Lorenzo, M.; *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, Fundación Galiza Sempre, Santiago de Compostela, 2017.

2. Malia non estar asinada, a carta emítea Ricardo Catoira, xa que forma parte dun conxunto de documentos no que os restantes, cos que coincide nas súas características, tamén son asinados por el. A esas alturas, Catoira ocupaba o posto de secretario da segunda xefatura da Casa Civil e, como vimos, estaba encargado da administración das propiedades de Franco, así como da xestión da intendencia das súas residencias oficiais, caso do Pazo de Meirás.
3. A carta ten o encabezado a lapis de 'Casa en La Coruña'. Non sabemos se esta denominación foi asignada no intre en que se mecanografou a carta ou *a posteriori* para a súa clasificación.
4. O momento en que se escribe a carta é previo á poxa, e cando xa se coñece o destino final da 'Casa en La Coruña', do mesmo xeito que se ía avanzando nas disposicións particulares da aprobación da enaxenación do edificio da sesión municipal do 3 de xullo.
5. Que esta semellaba ser a 'mellor fórmula' para non facer 'una adjudicación de bienes que fueron del Estado al propio Caudillo'. Non é a situación do Pazo de Meirás que foi concedida pola Junta Pro Pazo en calidade de 'Jefe do Estado'.
6. A necesidade exposta da Señora de Franco de non abrir o Pazo de Meirás pola complexidade que isto implicaba en estadías máis ou menos curtas.
7. A vontade de comezar 'mañana' as obras do interior tras a obtención plena da escritura.
8. O tempo que levou a 'xestión' deste proceso: 'por los años que se llevaba para resolverse y no tenía fin'.

O texto desde logo dá a entender que o proceso está pechado. Non semella a tenor do ton desta carta que se poidan dar moitas sorpresas o día seguinte. Ás vinte horas e dez minutos do día 2 de agosto de 1962 ten lugar a Sesión Extraordinaria do Concello da Coruña, xusto un mes despois da sesión da enaxenación do inmovible e saída en poxa pública. So hai un único punto da orde do día: 'Dictamen de la Comisión de Patrimonio, Compras y Control sobre adjudicación mediante subasta pública de la finca de propiedad municipal con fachada a las calles de Damas, Puerta de Aires y Veeduría'. O Pleno do Concello sancionaba finalmente o resultado da subasta, explicable nos puntos c e d:

c) Conforme a lo previsto en pliego de condiciones y anuncios de la subasta, se celebró esta en el día de hoy con las formalidades legales pertinentes y en ella se adjudicó la finca al mejor postor que resultó ser el Excmo. Señor don Pedro Barrié de la Maza, por la cantidad de trescientas cinco mil pesetas sin que contra dicho acto se formularan reclamaciones y d) en el aludido escrito de tal adjudicatario se manifiesta su deseo de transmitir la finca adquirida en la subasta, a la Excma. Señora doña Carmen Polo y Martínez Valdés, esposa de S.E. el Jefe del Estado y considerando esta Comisión que ello es garantía suficiente para asegurar al Ayuntamiento el cumplimiento de las finalidades que motivaron la inclusión de las condiciones especiales que figuraron bajo los apartados a) y b) de la condición decimocuarta del pliego correspondiente; aparte el alto honor que significa para nuestra ciudad el hecho de que la Señora elija la misma, como sede para una de sus residencias familiares⁹²

⁹² Archivo Municipal da Coruña, Sesión Extraordinaria do 2 de agosto de 1962, Libros de Actas.

Os demais licitadores que estiveron na poxa ‘renunciaron expresamente a formular reclamacións contra la adjudicación provisional’, co cal puido elevarse a adxudicación definitiva sen deixar transcorrer o prazo estipulado de dez días. Ademais, liberouse ao comprador Pedro Barrié das prohibicións de enaxenar que se establecían un mes antes nos apartados a e b. O pleno rematou as vinte horas e trinta e cinco minutos. 25 minutos intensos.

Tras adquirir a casa na poxa por precio de 305.000 pesetas o venres 3 de agosto de 1962, o luns seguinte, 6 de agosto, Pedro Barrié, en escritura autorizada polo mesmo notario Otero Peón, vendíalla a Carmen Polo Martínez-Valés por un prezo moi inferior, que non semella ter xustificación, de 25.000 pesetas: un 1.220% menos que tres días antes⁹³.

Características formais do proceso de transmisión da Casa Cornide

As características da finca de San Roque de Afora son as seguintes: cunha superficie da parcela de 2.205 m², fíxase un valor de 160 pts/m², cun monto ou valor final de 352.880 pesetas. Esta peritaxe realízase polo arquitecto municipal. Semella estraño observar unha valoración tan alta (en 1958) dunha parcela sita en San Roque de Afora, sen infraestruturas e tan afastada do núcleo urbano, sen posibilidades urbanísticas lucrativas (valeira de aproveitamento urbanístico) e destinada a usos docentes. Pola súa banda, o Ministerio, respecto a un ‘edificio principal y cuerpo propiedad ambos de dicho Ministerio situado en la C/ Damas, que habrá de ser permutado por el solar [...] fija su valoración en 344.813 pesetas’.

A permuta entre o Concello e o Ministerio ten lugar o 22 de xuño de 1962, en escritura pública que autorizou o notario da Coruña D. Manuel Otero Peón. Esta permuta foi valorada en 344.813 pesetas.

No momento en que se vende a casa, eran aplicables dous impostos:

1.- Dereitos reais en favor do Estado⁹⁴, actualmente o ITP y AJD⁹⁵

Base: 344.813 pesetas.

Tipo: 6 % do valor declarado.

Da primeira transmisión do Ministerio ao Concello non se pagou nada, por exención subxectiva, xa que se considera que as entidades que forman parte da administración pública atópanse exentas de tributación.

2.- O arbitrio de Plusvalía

Regulado no art. 510 e seguintes da Ley de Régimen Local de 1955 así como na Ordenanza Municipal. Este arbitrio queda definido co seguinte detalle:

Artículo 510.-

1. Constituye el objeto de este arbitrio el incremento que en un período determinado de tiempo, experimente el valor de los

⁹³ Abad Pardo, A.; Anexo, páx. 52.

⁹⁴ Texto refundido do 7 de novembro de 1947.

⁹⁵ Real Decreto Legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que aprobouse o Texto refundido da Ley del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales e Actos Jurídicos Documentados.

terrenos sitos en el término municipal del Ayuntamiento de la imposición, estén o no edificados, con excepción de aquellos afectos a las explotaciones agrícolas, forestales, ganaderas o mineras, y que no tengan, además, la consideración legal de solares, a tenor de lo dispuesto en el artículo 499

2. El periodo de imposición es el tiempo durante el cual el terreno pertenece a un mismo propietario, y se computará a partir de la transmisión inmediata anterior, cualquiera que sea su fecha siempre que haya tenido lugar dentro de los últimos treinta años. Si aquella transmisión fuese más remota, se tomará en cuenta como valor primitivo el correspondiente al momento inicial del periodo de imposición, computado en treinta años

¿Qué se entiende por incremento do valor? Este artigo especificao do seguinte xeito:

3.- la diferencia en más entre el valor corriente en venta del terreno en la fecha en que terminó el período de imposición y el valor del mismo terreno al comienzo del periodo. A estos electos, se estimará, que el valor corriente en venta es la suma de dinero por la que, en condiciones normales, se hallaría comprador para el inmueble. El valor de situación se imputará siempre al terreno, sin perjuicio de la deducción de los gastos necesarios para su aprovechamiento, cuando esta deducción proceda, a tenor del número siguiente, o, en su caso, de los demás preceptos de esta Ley.'

No proceso das vendas, distinguimos as seguintes operacións:

1ª.- A venta por prezo de 305.000 pesetas que efectúa o Concello (o día 03/08/1962, ante o Notario Otero Peón) a través de poxa e que adquire Pedro Barrié de la Maza atópase exenta por exención subxectiva. Quen transmite é o Concello (ex. art. 520 de la Ley de Régimen Local, en relación con el 20 y 23 de la Ordenanza Municipal)⁹⁶, razón pola cal declárase exenta logo da resolución ditada o 21/09/1962 pola Alcaldía da cidade, previa a tramitación do oportuno expediente⁹⁷ e informe xurídico preceptivo.

En relación á liquidación dos dereitos reais, *non consta* que se pagara cantidade algunha pese á presentación ante Facenda o 27/06/1962, baixo o número 5.251, e número de liquidación 1141⁹⁸.

2ª.- O luns 6 de agosto de 1962, e por escritura autorizada polo mesmo notario, Pedro Barrié de la Maza, *vende* a casa a Carmen Polo Martínez-Valdés, por un prezo inferior. A relación é a seguinte:

- Prezo de venta do Concello a Pedro Barrié: 305.000 pesetas.
- Prezo de venta de Pedro Barrié a Carmen Polo: 25.000 pesetas.
- Hai unha *diminución* (inxustificada) do prezo de venta de 280.000 pesetas.
- Tempo transcorrido dunha a outra venta: 3 días.

⁹⁶ Artículo 520.—1. *Estarán exentos del arbitrio: a) el Estado; b) el Municipio de la imposición; c) la Provincia a que el Municipio pertenezca y la respectiva Mancomunidad o Agrupación, por los terrenos que se hallen afectos a un servicio público, mientras subsista la afección.*

⁹⁷ Expediente número 36.025/1962 – Plusvalía.

⁹⁸ Ver a ficha nº 604, incluída no expediente ao que fai referencia a nota anterior.

- Transmítese a casa por un valor que alcanza un 1.220 % menos que tres días antes.

O imposto de transmisións (os dereitos reais da época) xira a tenor do seguinte detalle: compróbase un valor de 129.200 pesetas, é dicir, de 104.000 pesetas máis que as declaradas na escritura⁹⁹, e pagase por tal imposto 7.752 pesetas.

En relación á plusvalía¹⁰⁰ fíxanse uns valores de 92.575 pesetas, e por razón daquel valor 'en función de los precios unitarios fijados por el arquitecto municipal, y demás antecedentes' dítase resolución/acto administrativo na que se considera que 'se ha fijado al terreno, y aprobado por la Alcaldía, el valor de pesetas, 92.575 tanto para la fecha de la transmisión a favor de V. como para la adquisición por el transmitente'. Recordar aquí, -unha vez máis- que o prezo polo que adquiriu Pedro Barrié foi de 305.000 pesetas, e non había razón obxectiva algunha para diminuír o prezo do inmovible baixo ningunha consideración. Polo tanto, o prezo fixado para a plusvalía semella que foi máis de oportunidade que calquera outra consideración xurídica ou fiscal.

A valoración plasmada na escritura do 6 de xuño de 1962 semella -tamén- que vulnera o establecido no apartado terceiro do art. 510 do decreto do 24 de xuño de 1955 polo que se aproba o texto articulado e refundido das Leyes de Bases de Régimen Local, do 17 de xullo de 1945 e 3 de decembro de 1953¹⁰¹, toda vez que a valoración foi en menos, e non en 'máis', como preceptuaba o referido apartado terceiro, e por outro lado tendo en conta a valoración efectuada polo Ministerio de Educación.

Quen -semella- que atende (en representación da interesada Carmen Polo) sobre o expediente é o mencionado Ricardo Catoira Garaboa¹⁰².

A seguir un cadro sobre a evolución dos prezos da casa en moi breve tempo: desde o 22-06-1962 ao 30-09-1962:


Prezo número / data	Valor / pesetas	Observacións
1.- 22-06-1962	344.813.-	Fixado polo arquitecto do Ministerio
2.- 03-08-1962	305.000.-	Prezo de venda da casa polo Concello
3.- 06-08-1962	25.000.-	Prezo de venda que figura na escritura a favor de Carmen Polo
4.- 17-09-1962	92.575.-	Valor contemplado no expediente de Plusvalía

⁹⁹ Lembrar neste punto que, o valor da casa fixada polo Ministerio na permuta fora de 344.813 pesetas, cunha enorme diferenza de valores.

¹⁰⁰ Ver o expediente número 36.026/1962, AMC-C-127, LT.67/F.5.

¹⁰¹ BOE nº 191, 10/07/1955.

¹⁰² Ver o citado expediente, 36.026.



En cadro e gráfico compróbase como o prezo 3 correspóndese co valor fixado na escritura autorizada por Otero Peón el 08-06-1962, cando Pedro Barrié de la Maza lle vende a casa a Carmen Polo.

No mes de xullo de 1962 dítase mandamento de pago con cargo a fondos VIAP¹⁰³, (fianzas provisionais en metálico) a favor de D. José Luis Amor Fernández, na cantidade de 5.944 pesetas con 56 céntimos, respecto á fianza obrigatoria que constituíra para poder participar na poxa da casa que anunciara o Concello, tanto porque era obrigatorio o seu depósito e a súa devolución quedaba xustificada, como por acomodarse 'y no haber recurrido' con relación ao resultado da poxa, logo da providencia ditada pola Alcaldía con data do 18 agosto de 1962¹⁰⁴.

Con respecto ás reparacións deste inmovible que, como xa vimos comentando, se atopaba moi deteriorado, é posible que a contratación das obras se efectuase xa con data anterior á mesma venda¹⁰⁵. Antes, o Concello encargara a construción dunha pequena edificación de planta baixa de 7,75 m2 no solar da Rúa Veeduría. De todos os xeitos, era notorio e coñecido que a casa ía ser vendida.

4. A xestión da Casa Cornide despois de 1962. A utilización de recursos públicos e o papel do Concello

Carmen Polo ten maior presenza na Coruña cidade que Franco, tanto nos veráns (cando é habitual que vaia de paseo, de compras, a eventos...) como, sobre todo, fóra das épocas de veraneo. Entre inverno e primavera vén case todos os anos, cando

¹⁰³ *Valores Independientes y auxiliares del Presupuesto*, este corresponde o ano 1962.

¹⁰⁴ Sobre este apartado administrativo ver o expediente/carta de pago número, 1.754, do 26 de xullo de 1962, AMC-C-3153 – LT 116/F2.

¹⁰⁵ Non temos constancia documental deste aspecto, salvo a alusión que sobre este particular consta nun dos asentos rexistrados, así como das facturas observadas.

menos a partir de comezos dos 50. Mesmo vén á apertura e peche da porta santa do Xacobeo de 1954, residindo no Hotel Embajador¹⁰⁶.

De todos os xeitos, si sabemos que Carmen Polo veu á Coruña en data como o 27 de setembro de 1962, poucos días despois do proceso de cesión¹⁰⁷. Pero que tamén se atopaba desde o 12 de xuño de 1964, pouco tempo antes de que remataran as principais obras de acondicionamento sufragadas polo Concello da Coruña. Veu acompañada como habitualmente por Ricardo Catoira, asinante en boa parte dos contratos nos que interviña o Concello, como amosamos. Non estivo moito tempo, chegando un venres ás nove da noite e marchando un domingo, segundo recolle a prensa¹⁰⁸.

De todos os xeitos, polos datos que temos ata o momento, Carmen Polo non utilizaba a residencia da calle Damas para residir, xa que, en data da visita efectuada o 26 de outubro de 1966 á cidade de novo, indícase que se hospeda 'en el Hotel Embajador', residencia habitual dos seus achegamentos á cidade¹⁰⁹. Noutras ocasións non é moi doado seguirlle a pista, xa que se coñece a súa presenza na cidade practicamente á saída. Este é o caso da súa estada en xuño de 1968, do 17 ó 20 dese mes. Segundo a correspondente nova de prensa, atopábase 'en visita particular'¹¹⁰. De feito, nunha das derradeiras ocasións en que Franco e a súa muller estiveron en A Coruña, o 19 de agosto de 1972, logo dunha cea de gala ofrecida pola corporación herculina nos salóns nobres do Pazo Municipal, regresaron ó Pazo de Meirás arredor das doce, segundo a nova¹¹¹. Unha pauta reproducida no evento análogo celebrado nos anos posteriores, ata 1975.

De feito as accións referentes a este local ou achegados continúan aparecendo na prensa. Como a inauguración do novo Centro Cultural de Santo Tomás de Aquino en Porta de Aires, 2¹¹². Ou as posibilidades de que o Concello adquirira a mesma edificación da Rúa Damas, 20, debido a que fora o primeiro pazo do Concello da Coruña no XIX¹¹³.

A partir da transmisión da Casa Cornide por Barrié, hai toda unha serie de arranxos por parte do Concello que veñen de ser descubertos no seu Arquivo. Determinadas fontes sinalan ademais que para a execución das obras de reparación Carmen Polo recorreu á colaboración do arquitecto Director do Patrimonio Nacional, Ramón Andrada Pfeiffer, Premio Nacional de Arquitectura en 1951¹¹⁴.

¹⁰⁶ Indícase que xantou dous días no 'domicilio particular de la señora viuda de don Benigno Quiroga, en su casa de la Ciudad Vieja', e logo trasladouse ó Pazo de Meirás, mais 'de noche se retiró a su alojamiento en el hotel Embajador'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20/06/1968.

¹⁰⁷ *La Noche*, Santiago de Compostela, 28/09/1962.

¹⁰⁸ *La Noche*, Santiago de Compostela, 13/06/1964.

¹⁰⁹ *La Noche*, Santiago de Compostela, 27/10/1966.

¹¹⁰ *Debemos sentirnos orgullosos de que haya sido elegida La Coruña para su albergue durante el tiempo que permanezca entre nosotros y el vecindario coruñés manifestará su gratitud por tal distinción, haciendo llegar el calor de su entusiasmo a la Excelentísima Señora de Franco, dejando patente la tradicional hidalguía de nuestro pueblo y su elevado concepto de la hospitalidad, máxime en este momento por tratarse de tan alta personalidad a quien tanto se quiere en La Coruña*; 'Nota de la Alcaldía. La esposa del Caudillo llegó ayer a La Coruña'; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 31/12/1953.

¹¹¹ *El Pueblo Gallego*, Vigo, 20/08/1972.

¹¹² *La Voz de Galicia*, A Coruña, 30/12/1966.

¹¹³ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 08/03/1968.

Como xa vimos nas páxinas anteriores, non temos a constancia de que Carmen Polo estivera residindo alí durante as súas estadias, e, de feito, os arranxos duraron nunha primeira fase ata o verán de 1964. Traballos de ‘reconstrucción’ e ‘reparación’ de cerca dun millón de pesetas en total. En febreiro de 1964 a empresa ‘Construcciones Longueira’ facturaba os xornais de 17 persoas e materiais co concepto de ‘reparación en general de edificios monumentales’ na casa número 25 da Rúa Damas; no mes de maio de 1963 houbo traballando coa mesma empresa e cometido ata un total de 21 persoas entre carpinteiros, albaneis e peóns...

O gasto total das obras realizadas inmediatamente despois da venda entre 1962 e 1964 ascendeu a 732.695,2 pesetas. O orzamento para a execución das obras era de 1.000.000 de pesetas, e a cantidade líquida do remate foi tamén de 1.000.000 pesetas se temos en conta a liquidación dunha das partidas de obra -denominada esta obra como ‘reconstrucción de la casa número 25 de la Calle Damas de esta ciudad’¹¹⁵-. Nunha providencia de marzo de 1964¹¹⁶, xustifícanse 141.881,67 pesetas pola reconstrución da casa da Rúa Damas nº 25, na partida do orzamento de ‘gastos de entretenimiento de edificios municipales’.

Unha segunda fase de arranxos internos custeados polo Concello abríase en agosto de 1971 ata outubro de 1976, con ata un total de 23 actuacións que engloban desde traballos de vidrería, fontanería, material eléctrico ou baixo o epígrafe de ‘reparaciones varias’ ou ‘diversos suministros’. O custe total rexistrado é de 1.348.682,28 pesetas¹¹⁷.

Outro aspecto importante que cómpre sinalar é o contraste total no tratamento que se lle dá na prensa á casa Cornide antes e despois da morte de Franco. Ata o ano 1975, directamente non existe. Non se menciona, e menos en relación cos Franco. Nalgunha ocasión faise referencia a que Carmen Polo, despois de acudir a algún evento, marcha para a cidade vella e non se menciona o motivo. A partir da morte de Franco en novembro de 1975, xa se fala da casa como residencia de Carmen Polo na Coruña e mesmo se publica algunha fotografía. A reportaxe elaborada con motivo da visita realizada en abril de 1976 acompáñase cunha imaxe do vestíbulo interior adornado con flores para recibila e que tiña o seguinte pé de páxina: ‘Frente a su casa de la Ciudad Vieja fue objeto de un cariñoso recibimiento. El vestíbulo de su domicilio y las escaleras de acceso estaba adornados con conjuntos florales, enviados por entidades y autoridades coruñesas’¹¹⁸.

Esta era a primeira viaxe que realizaba fora de Madrid desde a morte de Franco e declaraba que tiña previsto pasar os meses de verán en Meirás e de setembro a primeiros de decembro na ‘casa de la Ciudad Vieja’¹¹⁹. Tamén nesta visita é a primeira vez que se cita o local como o ‘Palacio de Cornide’¹²⁰. A partir de 1976 vai ser a súa residencia principal en Galicia, así como a dos marqueses de Villaverde. Por certo, a

¹¹⁴ Casabella López, X.M.; *Informe sobre a Casa Cornide*, Real Academia Galega de Belas Artes, A Coruña, 2018.

¹¹⁵ Esta identificación material de obra, parece que comprende *TODA la casa, y no solo la pequeña construcción de 7,75 m2, frente a la C/ Veeduría*.

¹¹⁶ Libro de Resoluciones de la Alcaldía, 5/03/1964, número 232, Aquivo Municipal da Coruña.

¹¹⁷ Un estudo pormenorizado destas actuacións en Abad Pardo, A.; Anexo, páxs. 54-57.

¹¹⁸ ‘Recibimiento a la Señora de Meirás’; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 70/04/1976.

¹¹⁹ Idem.

¹²⁰ ‘Doña Carmen Polo, viuda de Franco, visitará hoy Santiago’; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 08/04/1976.

altura de 1977, 15 anos despois da poxa, seguía sen construírse o Conservatorio polo Estado e se situaba no último piso do edificio de Radio Nacional de España¹²¹.

O incendio de 1978 no pazo fai que se consolide como residencia de verán dos Franco, e as vellas torres de Pardo Bazán deixan de ter apenas uso cando menos ata finais dos anos 90. Carmen Polo, tras ter coñecemento do incendio, chega de Madrid directamente ‘a la Ciudad Vieja, donde –como se sabe- la Señora de Meirás tiene una casa’¹²². En agosto dese mesmo ano visita de novo a cidade¹²³, e tamén no ano seguinte. Asistía á misa polo seu marido na parroquia de Meirás –aínda que tamén se celebrarían cerimonias na mesma Colexiata da Coruña¹²⁴–, acompañada xeralmente da súa irmá Isabel Polo, Marqueses de Villaverde e netos. Na Coruña, ‘acude todos los días a misa, a distintas iglesias, aunque con más asiduidad a la próxima a su domicilio de la Colegiata’, permanecendo xeralmente ata mediados de setembro¹²⁵.

Mais a Casa da rúa Damas, desde a venda de Pedro Barrié a Carmen Polo, nunca terá afección ao uso ou dominio público. Nada se indica na súa venda, nin nos posteriores ordenamentos urbanísticos. Non aparece nada neste senso nin no Plan de Alienacións de 1948, nin no do 1967 nin nos PXOMS seguintes nin nas ordenanzas municipais anteriores: nunca na cartografía nin na normativa se indicou que ese inmovible fora considerado ben inmovible de dominio público ou afecto ó Patrimonio Nacional.

Posteriormente á enaxenación polo Concello da Coruña, esta convértese nun inmovible privado, que non parece que teña afección urbanística ou patrimonial algunha, aínda que se atopa en plena Cidade Vella, en relación ao ámbito de protección global do que goza, tanto no actual PEPRI como en normativas urbanísticas anteriores. Nunha providencia con data de marzo de 1964¹²⁶, xustificábase o gasto de 141.881,67 pesetas pola reconstrución da casa da Rúa Damas nº 25, aplicándose dito gasto á partida do orzamento de ‘gastos de entretenimiento de edificios municipales’. Lembrar nesta cuestión que a casa deixara de pertencer ó Patrimonio Municipal había dous anos, desde o 6 de agosto de 1962.

A casa convertérase desde aquela nun inmovible sen afección ó uso ou dominio público, xa porque da venda/poxa realizada nada se indicara a este respecto¹²⁷, como pola consideración de que naquel momento, nin nos posteriores ordenamentos urbanísticos, se marcou algo diferente. A súa protección reduce a estar protexido como ben inventariado no catálogo municipal nunha contorna declarada BIC –

¹²¹ ‘Coruña. Subvenciones, orquestas, Conservatorio, terrenos y deportes’, asinado por Xoan M. Carreira; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 23/09/1977.

¹²² ‘Durante unas dos horas. La Señora de Meirás visitó el Pazo’; en *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21/02/1978.

¹²³ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 02/08/1978.

¹²⁴ ‘La señora de Meirás presidió una misa por Franco en la Colegiata coruñesa’; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 02/10/1983.

¹²⁵ ‘La Señora de Meirás pasa la temporada veraniega en La Coruña’; *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22/08/1979.

¹²⁶ Esta resolución quedou anotada no Libro de Resoluciones de la Alcaldía con data do 5 de marzo de 1964, baixo o número 232 de dito libro.

¹²⁷ Semella a enaxenación dun ben a unha persona física e particular, incluso eliminando a posibilidade de que a casa non puidera ser vendida a terceiras persoas nos seguintes termos: *Relevar al comprador Excmo. Señor D. Pedro Barrié de la Maza, de las prohibiciones de enajenar que se establecían en el apartado a) de la condición decimocuarta del pliego correspondiente y a la persona que de él adquiera [Carmen Polo Martínez-Valdés] dicha finca de las limitaciones establecidas en el apartado b) de tal condición.*

proximidade á Colexiata e a un cruceiro histórico- e estar coroado por un escudo singular e o decreto xenérico para escudos e cruceiros.

5. O Pazo de Meirás, as esculturas do Pórtico da Gloria e a Casa Cornide: unha comparativa dos procesos.

O Pazo de Meirás, as esculturas que representan os dous profetas que proceden do Pórtico da Gloria e a coñecida como casa Cornide teñen como trazo en común o

